




DE

RIOMAIOR



PLAN DE CONVIVÊNCIA



Data de presentación ao Claustro 10/10/2023

Data de aprobación do Consello Escolar 10/10/2023

Data de revisión 8/10/24

TÁBOA DE CONTIDO

- 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.****5**
- 2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.****10**
- 3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.****16**
 - 3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras****17**
 - i. Actividades do plan de acollida.****17**
 - ii. Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito, a autoestima e a educación afectivo - sexual.****18**
 - iii. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.****18**
 - iv. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.****18**
 - v. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo****19**
 - vi. Aula de convivencia inclusiva.****20**
 - 3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións:****22**
 - i. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.****22**
 - ii. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.****22**
 - iii. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.****25**
 - 3.3. Protocolo de Absentismo.****28**
 - 3.4. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia.****33**
 - i. Formación do profesorado (cursos, seminarios, PFP)****33**
 - ii. Escola de nais e pais.****33**
 - 3.5. Normas de convivencia do centro****33**
 - 3.6. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.****47**
 - i. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección****50**
 - ii. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección****52**



- [iii. Criterios para a elección do instrutor \(Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado\).](#)57
- [iv. Gradación das medidas correctoras \(art.34\)](#)57
- [v. Procedemento conciliado \(Cap. IV - sección 2º\)](#)58
- [vi. Prescripción de condutas e de correccións \(art. 56\).](#)60
- [3.8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.](#)63
- [3.9. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.](#)65
- [3.10. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia.](#)66

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

A valoración xeral da convivencia no centro debido o clima de traballo e as relacións entre o profesorado, alumnado e familias é moi boa. Apenas xorden conflitos entre eles. Os que máis se producen son entre os alumnos ben por algunha agresión verbal, ou conduta disruptiva na aula

1. Na nosa escola conviven distintas procedencias culturais, de idade, nivel socio económico, pero tamén distintos roles de traballo e responsabilidade (profesorado, alumnado, familias, persoal non docente...) e con distintas funcións.
2. Toda a comunidade educativa participa no deseño, planificación, desenvolvemento e avaliación das actuacións para a promoción e mellora da convivencia escolar.
3. Os aspectos de convivencia non son só aspectos organizativos nin como unha mera aplicación de medidas disciplinarias. A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo o proceso educativo.
4. Levamos a cabo unha intervención preventiva que fomenta a creación do ambiente socio educativo no Centro.
5. As normas de convivencia, organización e funcionamento estarán baseadas no respecto entre as persoas e a conciencia da dignidade propia e da do outro. Así pois, consideramos fundamental que se respire no noso Centro un clima de convivencia harmónico, que sexa facilitador do traballo escolar, onde todos nos sintamos seguros e respectados. Para tal fin deberemos proxectar e desenvolver valores humanos de respecto, non violencia, xustiza, solidariedade, tolerancia e democracia, proporcionando, desde esta perspectiva, un servizo educativo de calidade

Características do CEP Riomaior. Recursos humanos e materiais

Recursos humanos

En canto ao alumnado

- No CEP de Riomaior están matriculados un total de 104 alumnas e alumnos. A case totalidade deste alumnado procede dos Centros de Educación Infantil de Pousada (parroquia de Sto. Adrán) e Barciela (parroquia de Sta. Cristina).
- Unha gran heteroxeneidade é a característica principal do noso alumnado, nun contexto que mantén estreitos lazos sociais co Centro, favorecedores do labor de comunicación e participación activa de alumnado e familias na vida escolar.

En canto ao profesorado

- Claustro de Profesores actual está formado por 13 profesores e profesoras, a maioría con ampla experiencia profesional, alta motivación, formación específica e permanente, implicados co Proxecto Educativo do Centro e cun prestixio persoal gañado ante o alumnado e as súas familias, recoñecido por eles e sustentado en posicións de razón e coherencia.
Deles, 11 son propietarios definitivos, 1 mestra de relixión e 1 AL compartido: Están repartidos do seguinte xeito
 - Unha profesora de PT.
 - Unha mestra de Lingua Inglesa
 - Unha profesora de Relixión Católica que imparte esta Área en todos os niveis (compartida co CPI Manuel Padín Truiteiro, de Arcade).
 - 5 titores de Ed. Primaria.
 - 1 mestra de música
 - 1 mestra de Educación Física.
 - A Xefa do Departamento de Orientación
 - A Directora do centro.

En canto ao persoal non docente

- Unha auxiliar de conversa (inglés).
- Un conserxe.
- Persoal de limpeza e mantemento.
- Persoal auxiliar e monitora para o servizo de comedor.
- Asistente educativa(coidador)

A ANPA

- No Centro existe unha Asociación de Nais/Pais formalmente constituída que, ademais das actividades propias establecidas nos seus estatutos, ten a responsabilidade da xestión, entre outras funcións, das actividades extraescolares e do comedor escolar.

Recursos materiais

En canto ás instalacións

O CEP de Riomaor é un Centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e OU da Xunta de Galicia. Inaugurado en novembro de 1982, consta de baixo e planta e no 1987 fixéronse obras de reforma e ampliación.

A composición xurídica é de 6 unidades de Educación Primaria con 6 en funcionamento e pertence á zona educativa de Vilaboa; está adscrito ao CPI do Toural e, á súa vez, ten adscritas as escolas infantís de Pousada e Barciela, que forman parte do CRA de Vilaboa.

É un centro acolledor, en parte motivado polo seu tamaño, pola reducida rateo de alumnos por aula e o ambiente cordial que, en xeral, se mantén entre os diferentes membros da comunidade educativa.

Os diferentes espazos distribúense nas dúas plantas do edificio principal:

Transporte escolar

A empresa MONBÚS (Autos Arcade, SL) realiza o servizo do transporte escolar. Esta empresa utiliza 3 autobuses, con capacidade para 50 alumnos/as cada un, para cubrir as tres rutas autorizadas:

- LIÑA 1: Igrexa Sta. Cristina-Magarella-Rúa-Vilar.
- LIÑA 2: Pousada-Ribeiro-O Bodegón-Santradán.
- LIÑA 3: Nores-Pazos-Cardiña.

O servizo dispón da figura de acompañante escolar.

A hora de chegada tena para as 08:30 pero chega as 08:20 polo que a vixianza de alumnado transportado se inicia as 08:15

Tanto na viaxe ao Centro como na de regreso ás súas casas, comparten autobús cos alumnos/as de ESO do CPI do TOURAL.

Situación da convivencia no CEP de Riomaior

No momento actual, no Centro existe un clima democrático e de participación positivo e o sistema de relacións, tanto dentro dos diferentes sectores da Comunidade educativa (profesorado, persoal non docente, alumnado, familias), como entre eles (profesorado-alumnado, profesorado-familias,...) é, en xeral, correcto, cordial e baseado no respecto mutuo. O enfoque da convivencia ten una visión construtiva e positiva polo que tratamos de resolver os conflitos de xeito participativo e atallalas mediante a prevención.

O clima que se crea tanto na aula coma no Centro lógrase como xa dixemos a partir da interacción que mantemos os diversos axentes educativos: profesorado, alumnado e demais membros da comunidade escolar. No caso da aula, á interacción engádense as características da área, o método e o espazo; e no caso do Centro, o estilo organizativo e de xestión, os espazos e outras características do mesmo.

Consecuentemente e independentemente do contexto sociocultural, transmite e educa moito máis a convivencia que a verbalización dos valores que se pretenden inculcar.

Tamén é verdade que na actualidade aprécianse

- Cambio dos valores tradicionais.
- Cambios nas formas de entender o concepto de disciplina e autoridade.
- Contorno socio educativo no que se move o alumnado: sobre protección, escasa resistencia á frustración, infravaloración do esforzo, ...
- Transvase de responsabilidades educativas da familia á escola e aos avós.

- Ambientes familiares inestables con cambios nas relacións(máis separacións e divorcios).
- Maior riqueza sociocultural debido á presenza de poboación inmigrante.

Os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- Disrupción na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros e compañeiras...
- Distracción e falta de atención.
- Falta de esforzo no traballo persoal.
- Falta de limpeza e coidado do material escolar.
- Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.
- Perda de respecto entre iguais, especialmente durante o recreo. A meirande parte das veces motivada polo fútbol.
- Desobediencia ás indicacións educativo-formativas do profesorado.
- Impuntualidade á hora do comezo das clases.
- Non utilizar as normas de educación axeitadas.
- Non coidar o material persoal, escolar ou mobiliario.
- Responder violentamente as ofensas.
- Chantaxe emocional entre iguais.
- Alborotar nos corredores.
- Utilizar palabras malsoantes.
- Xogos violentos no recreo.
- Problemas no patio por causa do fútbol.

As súas causas son:

- Desmotivación.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Falta de colaboración e/ou implicación por parte dalgúns pais/nais: ausencia de normas ou dificultade para poñer límites no ámbito familiar...
- Impulsividade, irreflexión, competitividade excesiva.
- Falta dun referente de autoridade.
- Copiar modelos da TV. series inapropiadas para o alumnado.
- Imitación de roles dos futbolistas e o seu comportamento nos campos de fútbol.

Respecto das familias

Consideramos aos pais e nais como os principais responsables da educación dos seus fillos/as. Elas e eles son os transmisores de valores, actitudes, hábitos, ..., que logo repercutirán na vida educativa, de aí que a súa integración na vida do Centro sexa de vital importancia.

Nalgunhas familias existen desaxustes nas relacións parentais e cesións educativas aos avós e outros coidadores que inflúen nas actitudes permisivas dos seus fillos e fillas.

Ata o momento actual vimos utilizando estratexias de intercomunicación nais/pais-escola tales como:

- As familias relaciónanse co Centro fundamentalmente a través dos/as titores/as, que convocan aos pais/nais ao longo do curso, segundo o procedemento establecido no Plan de Acción Titorial.
- Con carácter puntual fanse charlas informativo-formativas para nais/pais co fin de proporcionarlles pautas que axuden na mellora da formación dos seus fillos/as e da convivencia no Centro.
- Convócaselles a unha reunión xeral no mes de setembro antes de iniciar a escola, con todo o equipo educativo, na que se proporciona toda a información referente á organización e funcionamento da aula e do Centro, programación xeral do curso, horarios, profesorado, actividades complementarias e extraescolares, etc.
- En outubro outra reunión por titorías.
- Úsase a axenda escolar como vehículo de información e comunicación permanente entre o Centro e as familias.
- Aplicación Abalar móbil para a comunicación coas familias.
- Circulares informativas arredor de actividades previstas ou de concienciación sobre determinados hábitos ou información confusa (alimentación, TV, redes sociais, ...) que pode chegar ao alumnado.
- A ANPA, a través da súa xunta directiva, mantén un estreito contacto co Equipo Directivo do Centro nunha actitude moi positiva de colaboración.
- Apertura do Centro ás familias, ofrecendo as súas instalacións para a participación delas en reunións, cursos de formación, actividades culturais e de ocio, etc.
- De calquera asunto significativo que afecte á convivencia e á resolución de conflitos no Centro, os pais/nais teñen inmediato coñecemento, ben por escrito ou por teléfono. A resposta das familias a este respecto é, en xeral, rápida, receptiva e de colaboración.

Respecto do profesorado

O profesorado participa no Centro a través das correspondentes estruturas organizativas, mediante un traballo en equipo, coordinado e compartido. Este clima de traballo entre o profesorado é moi cordial, con interacción positiva, ás veces con criterios e formulacións pedagóxicas diferentes, pero cunha actitude aberta, de respecto, participación e colaboración que axuda a superar as dificultades e/ou diferenzas.

Nas aulas utilízanse estratexias metodolóxicas que promoven a cooperación entre o alumnado, mediante a constitución de equipos heteroxéneos de traballo, como forma de atender á diversidade e mellorar, así, a convivencia.

Respecto do alumnado

Os alumnos aprenden, en gran medida, grazas ás interaccións entre eles. Para algúns dos nosos alumnos, e en especial para moitos dos que teñen máis dificultades no seu itinerario escolar, a falta de motivación con respecto ás esixencias curriculares aparece como determinante de situacións conflitivas. Noutros casos, ter e gozar de case todo non favorece especialmente a pedagogía do esforzo nin a asunción democrática de responsabilidades.

Así e todo, o ambiente escolar que manifesta o noso alumnado é, globalmente, satisfactorio.

Respecto doutras institucións

As relacións con outras institucións do noso contorno adoitan ser de diversa índole, procurando que todas elas sexan o máis enriquecedoras posibles para ambas as partes. Deste xeito, establecemos liñas de relación con:

- Concello de Vilaboa, que colabora co Centro en diferentes ámbitos: mantemento do edificio, subministro de enerxía, ofertas culturais, servizos sociais, ofertas deportivas e de ocio, campañas de reciclado, servizo de saúde, actividades extraescolares...
- Asociación de Nais/Pais: asumindo distintas finalidades, como asistir aos pais ou titores legais do alumnado en todo o que concirne á educación dos seus fillos, colaborar nas actividades educativas do Centro, facilitar a representación e participación das nais e pais de alumnos no Consello Escolar e calquera outra que, no marco da normativa dos seus estatutos, así llo asignen.
- CPI do Toural e CRA de Vilaboa: Cos outros centros educativos do Concello temos establecido estruturas de coordinación, colaboración e comunicación co obxectivo de que se produza un “contínuum” no deseño curricular dos nosos centros que facilite o grao de integración do alumnado nos casos de cambio de etapa educativa.
- AC “O Barqueiro”, Agrupación Bailaboa, , Connorsa, Club Náutico de Cobres e coas Comunidades de Montes de Sta. Cristina e Sto. Adrán, mantemos relacións de colaboración no ámbito da organización e desenvolvemento puntual de determinadas actividades de carácter lúdico e medioambiental programadas desde o Centro.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

O Plan de Convivencia ten como referentes a educación para a paz, os dereitos humanos, a aprendizaxe dunha cidadanía democrática, a tolerancia, a prevención da violencia, a igualdade e a mellora da convivencia escolar.

As metas que pretendemos conseguir coa posta en funcionamento deste Plan de Convivencia agrúpanse en dous bloques, en función do destinatario. Por unha parte establecemos uns obxectivos xerais dirixidos a toda a comunidade escolar e, pola outra, uns obxectivos específicos limitados ao Centro e a cada un dos colectivos que participan nel máis directamente: alumnado, profesorado, familias e persoal non docente, pero tendo sempre en conta o diagnóstico anterior.

Obxectivos xerais

- Implicar á comunidade educativa nos procesos de reflexión e acción que axuden a previr conflitos de convivencia no CEP de Riomaioir.
- Sensibilizar á comunidade educativa sobre o seu papel activo e implicación para recoñecer, evitar e controlar os conflitos de convivencia no Centro.
- Favorecer a escoita activa e a toma de decisións por consenso.
- Promover a participación e difusión das estratexias e dispositivos de axuda existentes tanto no Centro como no contorno.
- Establecer canles e procedementos que faciliten a expresión pacífica das tensións e as discrepancias, así como a aprendizaxe de técnicas e estratexias en resolución de conflitos de forma non violenta a través da mediación, entre outras estratexias.
- Mellorar o clima de convivencia no Centro en beneficio dunha educación de calidade.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións do Centro con outros axentes externos: unidades e servizos das diferentes administracións públicas, asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

Obxectivos específicos

Obxectivos específicos de centro

Podemos dicir que estamos diante da cuarta revolución educativa e afrontando novos retos e cambios sociais. Pasamos dunha escola centrada nos contidos a darlle importancia as competencias, capacidades e as intelixencias múltiples. Debemos afrontar a aprendizaxe dende as novas tecnoloxías, e non esquezamos a importancia das linguas, polo tanto estableceremos os seguintes obxectivos.

- Dar a coñecer as distintas culturas existentes no CEP de Riomaioir, incorporando os seus valores positivos e estimando os aspectos que nos enriquecen de cada unha delas, tomando como referencia o PEC e a lexislación vixente.
- Fomentar a participación do alumnado e das súas familias na vida do Centro (nas actividades complementarias e extraescolares, na ANPA, nos órganos de participación, ...), cuidando a información e tendo en conta as dificultades culturais e lingüísticas.
- Analizar e reflexionar co alumnado, individualmente e en grupo, sobre o conflito, as súas causas e as posibilidades e alternativas para solucionarlos.

- Posibilitar a integración social e educativa, potenciando actitudes de aceptación e respecto en todo o alumnado.
- Coidar a socialización, como grupo con maiores dificultades, do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por razóns físicas, psíquicas, familiares ou sociais.
- Impulsar a colaboración e a coordinación do Centro con outras institucións e asociacións.
- Manter informadas ás familias sobre aquelas condutas e actitudes observadas, así como de calquera modificación funcional ou estrutural do Colexio no taboleiro de anuncios e/ou na web do Centro.
- Revisar e aplicar o Plan de Acción Titorial.
- Protexer ao alumnado contra a agresión física e moral, dando resposta inmediata ao acoso e á intimidación entre iguais en canto á súa prevención, tratamento e erradicación.

Obxectivos específicos do alumnado

- Lograr o desenvolvemento harmónico, progresivo e completo, das súas capacidades e habilidades, facilitando a súa integración social.
- Coñecer, participar e cumprir as normas da aula e do Centro.
- Respetar ás persoas, instalacións e materiais propios, dos compañeiros e os comúns.
- Valorar e participar activamente nas actividades que se propoñan na aula e no colexio.
- Manter a cultura e o idioma galego como elementos que enriquecen a súa personalidade.
- Estar aberto aos cambios e adecuarse á diversidade de intereses, aptitudes, necesidades e experiencias dos compañeiros e compañeiras.
- Aprender a vivir confiando nun mesmo e nos demais.
- Establecer relacións sociais positivas e de cooperación, baseadas no ben de todos e todas.
- Recoñecer a responsabilidade das propias accións, reflexionar e modificar as actitudes e comportamentos cando non sexan correctos.
- Coñecer e manexar diversas estratexias de resolución de conflitos.
- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Comunicar as situacións de acoso ou malos tratos que sufra ou presencie.

Obxectivos específicos do profesorado

O profesorado convértese nun elemento fundamental, pero non único, tanto na mellora da calidade do ensino como no avance do día a día baseado nos principios democráticos de convivencia.

E dado que os mestres non só interactuamos co alumnado senón tamén coas familias e con persoas do noso propio colectivo, os obxectivos do profesorado diferenciámoslos en función do interlocutor:

Interacción profesor-alumno

- Xerar na clase un contorno facilitador das aprendizaxes a través de accións comúns.
- Adaptar ao máximo os contidos educativos achegando ao nivel real dos alumnos os obxectivos curriculares e os procedementos para logralos.
- Programar contidos e planificar actividades fundamentados en obxectivos realistas e funcionais, previndo con antelación as necesidades e tempos que requirirá unha determinada tarefa para todos os alumnos, tendo en conta a diversidade presente na aula.
- Establecer ritmos de traballo apropiados ás posibilidades de cadaquén, axustando as propostas escolares á súa capacidade de resposta e ao seu nivel de rendemento (por exemplo, outorgando máis tempo para rematar as tarefas ou adaptando os instrumentos de avaliación).
- Manter ao alumnado en tarefas adecuadas ás súas posibilidades, combinando tarefas máis arduas e valorando, non só o resultado, senón tamén o esforzo e o proceso.
- Traballar con eles/as o desenvolvemento da intelixencia emocional, das habilidades cognitivas, do razoamento moral e das habilidades sociais.
- Solucionar os conflitos derivados do incumprimento dunha norma, informando ás familias, ao profesorado, ao departamento de orientación e ao equipo directivo cando se estime necesario, de acordo co prescrito no Regulamento de Organización e Funcionamento.
- Focalizar a atención sobre condutas positivas e non sobre as negativas.
- Implicar ao alumnado na elaboración de normas da clase e nas súas consecuencias, tendo en conta as súas opinións.
- Posibilitar espazos e tempos suficientes para que o alumnado fale con liberdade da disciplina e dos problemas, prevalecendo o dereito de confidencialidade.
- Titorizar especialmente, e de xeito individual, a aqueles alumnos que manifestan alteracións condutuais: illamento, agresividade, inhibición ou retraemento, entre outras.
- Levar a cabo de forma privada e individualmente as chamadas de atención, manifestando a queixa de forma asertiva de xeito que se diferencie a conduta da persoa
- Evitar formular cuestións individuais de conduta en gran grupo, evitando a confrontación co alumnado, avergoñamentos e castigos emocionais.
- Actuar inmediatamente ante problemas de conduta, seguindo o protocolo de intervención establecido no Plan.
- Implicar a todo o alumnado nas temáticas relacionadas coa convivencia e, se se considera necesario, crear a figura do alumnado-titor que colabora na integración dos seus iguais.

Interacción profesor-profesor

- Formarse en habilidades para o control e a xestión de grupos de alumnos, minorando o desgaste profesional.
- Establecer intercambios profesionais entre os docentes.

- Proceder a través de técnicas de mediación no conflito entre mestres, onde o diálogo sexa o máis importante.
- Actuar de forma coordinada establecendo unhas boas canles de comunicación cando xurdan problemas ou conflitos entre o alumnado e tamén nos seguintes aspectos: puntualidade nas clases, coordinación nas entradas e nas saídas, vixilancia dos recreos, preparación de xogos cooperativos nos recreos onde prime a tolerancia, emprego da voz de forma eficaz, fomento da participación de toda a aula, evitar as comparacións e facer que se cumpran as normas, entre outros.

Interacción profesor-familia

- Determinar un calendario para comprender aspectos cotiás sobre os colectivos familiares que forman o noso Centro.
- Informar puntualmente ás familias da evolución da aprendizaxe e das actitudes dos alumnos e alumnas, así como daqueles feitos significativos ou de calquera cambio observado no seu rendemento e conduta, ofrecéndolle colaboración e prestándolle asesoramento.
- Informar, ao comezo do curso, das circunstancias persoais, familiares e sociais que afectan ás nenas e nenos e se consideren relevantes para o seu desenvolvemento no medio educativo, respectando a privacidade e a intimidade.
- Preparar suficientemente e en coordinación cos demais profesores os encontros ou entrevistas coas familias.
- Manter unha relación frecuente e fluída coas familias, baseada no interese común polo desenvolvemento positivo da alumna ou alumno nos aspectos académicos e persoais. Si é posible acudirán a entrevista a/o titora a orientadora e algún mestre do equipo docente.

Obxectivos específicos das familias

As condicións educacionais que concorren nas familias son un elemento esencial que determina a evolución escolar e persoal de cada alumno.

Son os pais/nais os que inician aos seus fillos e fillas nas aprendizaxes, nas relacións, nas experiencias, sendo os responsables destas primeiras etapas da vida do neno ou nena, facilitándolle a súa progresiva adaptación e integración no mundo social. O fin último é conseguir que o seu fillo ou filla se converta nun membro útil e facilmente adaptable aos cambios que poidan producirse.

Para conseguilo debe existir na etapa escolar unha colaboración cos mestres e unha implicación e responsabilización na aprendizaxe dos seus fillos. Porén, os obxectivos, que respecto das familias pretenden acadarse co Plan de Convivencia son:

- Fomentar canles de colaboración co Centro para que nais, pais e alumnos coñezan a realidade social existente e se relacionen cos demais compañeiros/as desde o respecto, a tolerancia e a solidariedade.

- Establecer un plan de formación dirixido ás familias que lles facilite información sobre aspectos xerais ou sobre o significado de conceptos como: muller, educación, sanidade, relixión, amizade, familia ou sanidade en cada cultura das existentes no Centro e estratexias para aplicar aos conflitos cotiás dentro do contorno familiar e cos compañeiros e adultos.
- Establecer encontros que faciliten o coñecemento e a relación das diferentes culturas rompendo as barreiras que puideran existir derivadas dos prexuízos.
- Indicar as actividades programadas no Plan Xeral Anual que se van realizar durante o curso co alumnado e con toda a comunidade escolar.
- Informar ao comezo da escolaridade do Proxecto Educativo do Centro, das normas recollidas no Regulamento de Organización e Funcionamento e das consecuencias do seu incumprimento.
- Establecer espazos de diálogo, consenso e mediación entre os pais separados nas medidas educativas do seu fillo/a
- Salientar a obriga e a necesidade de interesarse, colaborar e participar en todo o que afecta á educación do seu fillo ou filla.
- Asistir ás reunións informativas, tanto do grupo no que está integrado/a o alumno/a como ás citas individuais co titor/a ou con outros docentes.
- Procurar o benestar físico e psicoafectivo do neno ou nena a dende o seu nacemento.
- Potenciar a súa autonomía persoal.
- Fomentar a capacidade de socialización do neno ou nena, facilitando a súa interacción en todos os ambientes.
- Favorecer a participación activa do alumno/a na comunidade educativa.
- Procurarlle o coñecemento e respecto do contorno.
- Axudarlle a crear actitudes de respecto e tolerancia.
- Supervisar o uso e a exposición aos medios de comunicación e tecnolóxicos: televisión, internet, publicacións, etc.
- Evitar a sobreprotección e a permisividade, así como as esixencias excesivas.
- Transmitir expectativas positivas e de superación persoal que redunden nunha maior seguridade e nunha autoestima máis alta.

Obxectivos específicos do persoal non docente

- No noso Centro, como en toda comunidade educativa, participan unha serie de persoas que, aínda non exercendo un labor docente, son moi importantes no funcionamento do mesmo, tanto pola función que desempeñan como polas relacións que establecen cos demais membros da comunidade escolar. Falamos do persoal auxiliar de conversa, do persoal monitor das actividades extraescolares, do que atende o servizo do comedor escolar, do/a acompañante do transporte escolar, da conserxería e da limpeza, asistente educativa(coidadora)

que se converten en axentes relevantes na formulación e aplicación do Plan de Convivencia, e en relación cos cales se formulan os obxectivos expostos deseguido:

- Coñecer e cumprir as normas e o regulamento de convivencia que se establece no colexio.
- Participar e integrarse nas actividades do Centro indicadas.
- Colaborar no funcionamento e mantemento do Centro, realizando as tarefas que lles correspondan. Isto facilita o labor dos docentes, a satisfacción das familias e a educación do alumnado o que redonda, á súa vez, nun clima positivo de convivencia.
- Informar sobre calquera alteración que se observe, tanto nas instalacións como nas actitudes e responsabilidades dos alumnos e alumnas.

Colaborar cos docentes e nais/pais na formación e socialización das nenas e nenos fomentando actitudes de respecto ás persoas e aos espazos, o cumprimento das normas e valorando a importancia desta etapa no seu desenvolvemento

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

Actuacións desenvolvidas polo Centro ante situacións conflitivas

As actuacións desenvolvidas ata o momento actual para detectar, prever e/ou reconducir as condutas contrarias á convivencia que adoitan presentarse no Centro podémolas concretar nas seguintes:

- Asambleas de clase: De carácter sistemático, o seu labor é eminentemente preventivo e adecúanse ás idades do alumnado. Nelas, alumnado e profesorado/titoría dialogan sobre as normas de clase, normas de convivencia, educación de valores como a responsabilidade, a non discriminación, o esforzo, o respecto, a non violencia, o diálogo, a empatía, a tolerancia...
- O diálogo cos implicados nas diferentes situacións de conflitos leves que adoitan presentarse a miúdo: nas clases, no recreo, no transporte escolar, ..., e que se resoven, na maioría dos casos, facendo referencia ás normas e chegando a acordos cos implicados/as (falando, pedindo desculpas, mediando...).
- O apoio ou intervención directa do Equipo Directivo e/ou da Orientadora co alumnado para reforzar as medidas ou actuacións adoptadas polo profesorado.
- A información e intervención coas familias nos casos necesarios a través das titorías.
- Actividades promotoras de hábitos saudables que abranguen desde a hixiene persoal, a alimentación, a saúde buco-dental, redes sociais...

- Revisión do Regulamento de Organización e Funcionamento (ROF) do Centro.
- Constitución da comisión de convivencia
- Nomeamento da persoa responsable da convivencia e do benestar emocional.
- Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial (PAT) e do Plan de Atención á Diversidade (PAD).
- Implantación do Plan de Autoprotección Escolar (PAE).
- Desenvolvemento de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Proxectos de Innovación Educativa (Metodoloxías Inclusivas, Aprender a Cooperar/Cooperar para Aprender, contratos programa, proxecta PFPP)

3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras

i. Actividades do plan de acollida.

A. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO ALUMNADO

Transición de Infantil á Primaria. Deseñando intervencións co alumnado, profesorado e familias (visitas aos centros, reunións dos equipos docentes de ambas etapas, charlas informativas ás familias).

Alumnado de nova incorporación ao centro ao longo da etapa, establecendo a relación co centro de procedencia, revisión de expedientes e posibles informes do D. de orientación.

B. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DAS FAMILIAS

O acollemento e intercambio de información coas familias a fin da súa plena incorporación á comunidade educativa, levarase a cabo tanto a través de reunións grupais, titorías, Departamento de Orientación e acompañamento do E. Directivo.

C. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO PROFESORADO DE NOVA INCORPORACIÓN

- Presentación do persoal docente e non docente.
- Presentación en reunión xeral ás familias.
- Coñecemento das instalacións e equipamento didáctico.
- Acceso aos documentos programáticos do Centro.
- Acollida no Departamento de Orientación que facilitará a información máis relevante así como facilitará estratexias e recursos para a práctica educativa.
- Reparto de documentación

D. PROTOCOLO DE ABSENTISMO

Control de asistencia e puntualidade a cargo das titorías que seguirán o protocolo en caso de ser necesario.

As faltas son recollidas diariamente polos titores e son xustificadas polas familias ben a través da axenda ou por chamada telefónica, que se rexistra nun cadro que está situado na secretaria.

Existe no centro un documento que recolle o plan de absentismo de Vilaboa redactado en colaboración co concello e o CRA de Vilaboa e o CPI toural

ii. Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito, a autoestima e a educación afectivo - sexual.

Aínda que vimos traballando estes aspectos a través da acción titorial puntualmente fanse sesións específicas en determinados grupos

- Charlas sobre cambios físicos e psicolóxicos na adolescencia en 6º
- A través da materia de proxecto competencial, relixión e educación en valores Cívicos e Éticos abórdanse habitualmente dentro da aula.
- Programa “Ser, convivir e pensar”.
- “Emocionarte” actividade de descrición de emocións a través da arte.
- “Emocionario” valores e cores.
- Proxeccións do filme “Del revés”.
- Adquisición de material bibliográfico relacionado coa educación emocional e das habilidades sociais.

iii. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

- Actividades para diferenciar maltrato do bo trato.
- Murais.
- Murais para o día da non violencia de xénero.
- Conmemoracións día da non violencia de xénero, 25 de novembro
- Performans musical sobre a igualdade
- Obradoiro de manualidades no tempo de recreo e gardening.
- Horta
- Actividade sobre a diferenza de bo trato e maltrato
- Colaboración coa asociación Fademur.
- Charlas do Plan Director

iv. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

- Conmemoracións dos día dos dereitos humanos e da infancia.

- Recollida e entrega de roupa usada a servizos sociais do concello e familias necesitadas do centro.
- Doazón de material escolar.
- Doazón de obxectos de segunda man da cooperativa a centro Reto.
- Invitación aos internos da residencia da terceira idade do concello de Vilaboa para asistir aos festivais e noutras ocasións vitalos no centro en datas sinaladas como no Nadal.
- Charla da asociación “Lápices y colores” para explicar as situacións da infancia e das escolas en diferentes partes do mundo.
- Colaboración coa asociación “Amigos do Sáhara” con campañas de recollida de roupa e alimentos.
- Colaboración cos “Sos Africa”.
- Aulas de Polos Creativos que fomentan o traballo na igualdade

v. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo

- Existe un programa específico de desenvolvemento de habilidades sociais a desenvolver nas titorías, ademais os novos plantexamentos da educación competencial obrigarán a abordar estes aspectos de xeito transversal non só nas titorías senón tamén no resto das materias.
- Actividades sobre contos como “Ningún bico á forza”, “O caso de Lorenzo”..
- Dotación da material adquirido pola biblioteca.
 - ↳ “El Monstruo” Daniel Martín
 - ↳ “Temble”, Alain Serres Ed. El Zorro Negro
 - ↳ “Buscar” de Olga Dios. Ed Nube Ocho
 - ↳ “10 cuentos para dibujar sonrisas” Carmen Gil . Ed Parramón
 - ↳ “Mi papá es el mejor” Eva Rodríguez. Ed Miao
 - ↳ “Un poco de mal humor” . Isabelle Carrier. Ed. Juventud
 - ↳ “Que le pasa a Uma” Rafael Díaz. Ed Nibe Ocho
 - ↳ Fips no entiendo el mundo” Janetle Randerath . Ed Zenderev
 - ↳ “Sin excusas” Kristina Tracy. Ed Miao
 - ↳ “No me da miedo” Ed pirueta
 - ↳ “Timidez” José Olivares Ed Nova Galicia
 - ↳ “ Yo tambien me siento sola” Ed. Bruguera
 - ↳ “Los atrevidos”. Elsa Punset. Ed. Beascoa
 - ↳ “Por cuatro esquinas de nada”. Jerome Rullier. Ed Juventus
 - ↳ “El gran libro de las emociones” Esteve Pujol. Parramon
 - ↳ “O carameliño sen cor e sen sabor” Adelaida Pitally. Ed Noca galicia
 - ↳ “En familia” Alexandra Maxeiro. Ed. Hercules
 - ↳ “Besos besos” Selma Mandine Ed Miao
 - ↳ “Kofu e o medo” Lupe Loriga . Ed Nova Galicia
 - ↳ “Mamá maravilla” Elen Lescoat Ed. Miao

- ↪ “Te quiero”. Elen Lescoat. Ed. Miau
- ↪ “10 cuentos para hacerse mayores”. Anna Laura Cantone. Ed. Parramon
- ↪ “Que tal vexetal” Saxton Frey Mann. Ed. Linteo
- ↪ “Energías para crecer” María Mercé. Ed. Parramon
- ↪ “Exploradores Emocionales” María Merce Ed. Parramon
- ↪ “Como está el clima” María Mercé . Ed. Parramon
- ↪ “Galletas para perros” Helen Cooper. Ed Juventud
- ↪ “ Los derechos y deberes del ser humano” Mercé Arangena. Ed. Edebe
- ↪ “Valores para crecer” Esteve Pujol. Ed. Parramon
- ↪ “Boas maneiras” Ana Serna Vara ED Salva
- ↪ “Los siete hábitos de los niños felices” Sean Covey. Ed. Stacy Curtis

- Dinámicas como “lapis ao centro, a maleta viaxeira, mundo de cores...
- Participación nos contratos programa para a mellora da convivencia .
- Ademais o centro ten elaborado un programa de actividades de promoción da convivencia e das habilidades sociais.(anexo)

- **Titoría entre iguais.**

- Actividades interniveis aproveitando as celebracións sobre Pascua, acollida de alumnado de infantil titorizado polo alumnado de 6º.
- Apadriñamento lector
- Apadriñamento entre ciclos
- Dinámicas de traballo cooperativo nas aulas.

- **Mediación escolar:** A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas (D.8/2015- Art. 26), para elo desenvolvemos as seguintes actividades.

- Delegados e mediadores escollidos de cada aula, que se xuntan mensualmente para abordar temas de convivencia
- Asembleas do alumnado cos delegados e mediadores
- Recanto das bolboretas, que é un espazo de dialogo e resolución de conflitos
- Xogos de rol
- Punto de encontro no patio exterior.

- vi. **Aula de convivencia inclusiva.**

Obxectivos Aula Convivencia Inclusiva:

- Dotar ao centro de espazos e tempos para axudar ao alumnado a xestionar os conflitos de xeito pacífico e reflexivo

- Ofrecer unha resposta educativa ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, debe ser privado de asistencia durante determinadas horas, materias ou días
- Xestionar de xeito coordinado os conflitos do centro ofrecendo respostas adaptadas ao grupo clase, ao historial previo, ás condicións sociofamiliares

Características da aula:

- Terá unha dobre vertente, reflexiva e de traballo
- O profesorado de garda será o responsable da aula, contando coa axuda do equipo directivo a orientadora e a mestra de relixión.

Neste centro procuramos tratar os conflitos de xeito preventivo pero chegado o caso de que se produza o conflito, tratarase de xeito particular no despacho da orientadora ou da directora pero temos un espazo próximo ó departamento de orientación no que levaríamos a cabo as actividades indicadas de xeito que se convertería no laboratorio da convivencia. Alí levaranse a cabo programas de habilidades sociais propostos pola orientadora. Teremos en conta que segundo o(D.8/2015- Art. 25) a dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que o alumnado sexa atendido nesta aula, garantindo o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, por ser menor de idade non emancipado/a. A aula da convivencia será atendida pola mestra de relixión , a directora ou a orientadora pero o departamento de orientación encargarse de supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

O material co que conta a aula serán libros de dotación da biblioteca, fichas, lecturas e pautas de intervención.

Os alumnos que teñan que desenvolver tarefas na aula de convivencia farano no horario lectivo de mañá e tamén os luns e mércores de 15.30 A 17:30h. atendidos polo mestre de garda.

Aulas de atención educativa e convivencia Segundo o **Artigo 47** da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

1. As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas nas cales se atende, temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.
2. Non se enviará ningunha alumna nin ningún alumno a unha aula de atención educativa e convivencia sen tarefas para realizar durante a súa permanencia nela, que non excederá o tempo que dure a sesión lectiva en que se producise a conduta inadecuada. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna ou cada alumno deban realizar, así como corrixilas e avalialas.
3. O alumnado derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá desenvolver o programa de habilidades e competencias sociais que se regula no artigo 53 desta orde.
4. As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado remitido a esta aula serán informadas, segundo o procedemento establecido no centro, en desenvolvemento da súa autonomía, cada vez que asistan á referida aula, e indicárselles o motivo desa remisión.

5. A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.

6. De ser o caso, esta aula poderá empregarse cos mesmos fins que a aula de convivencia inclusiva a que se refire o artigo 25 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións:

i. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

- Para iso a principio do curso deseñamos as actividades nas que imos a participar dentro do plan director, con charlas dirixidas a familias e alumnos sobre acoso, ciberacoso ..
- Contamos coa colaboración da fundación “Érguete” que diseña charlas para familias, neste caso procuramos facer unha por trimestre e inciden nas aulas sobre todo no 6º nivel.
- Aplicación de sociogramas para alumnado invisible o rexeitado.
- Auto cuestionarios de clima da aula
- Cortos sobre bulling.

ii. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Por en marcha o Plan de Convivencia Anual.	Reunións de traballo dos Equipos docentes e dinamización. Preparación da acollida no Centro e nas aulas. Intercambio de	Equipo directivo. Coordinadores/as de ciclo. Titores/as. Claustro.	Plan de Acollida. Plan de Acción Titorial. Expedientes escolares.	1ª quincena do mes de setembro.

	información respecto do alumnado (persoal, familiar e escolar) entre o profesorado.			
Informar do Plan de Convivencia ao alumnado e da necesidade da súa colaboración e compromiso, na procura dun bo clima de relacións no Centro.	<p>Acollida ao alumnado a nivel individual e grupal.</p> <p>Coñecemento das normas de convivencia da aula e do Centro.</p> <p>Sesións de tutoría na aula, tanto a nivel individual como de grupo.</p>	<p>Equipo directivo.</p> <p>Titores.</p> <p>Profesorado.</p>	<p>Plan de Acollida.</p> <p>Plan de Acción Titorial.</p> <p>Plan de Convivencia.</p> <p>ROF</p>	2ª quincena do mes de setembro.
Informar do Plan de Convivencia ás familias, así como da importancia da súa implicación para lograr unha boa convivencia	<p>Reunión titorías-pais/nais o 1º día de clase.</p> <p>Reunión xeral.</p> <p>Boletín de Información Escolar.</p> <p>Sesións de</p>	<p>Titores/as.</p> <p>Equipo directivo.</p>	<p>Os anteriores.</p> <p>Boletín de Información Escolar.</p>	<p>1º día de clase.</p> <p>Mes de outubro.</p> <p>Ao longo do curso.</p>

no Centro.	titoría.			
Favorecer unha relación positiva entre familias e delas co Centro.	Sesións de portas abertas en celebracións e festivais. Xornada de convivencia.	Claustro. ANPA	Celebracións e conmemoracións. Concello.	Ao longo do curso.
Organizar charlas sobre temas formativos e informativos.	Obradoiros formativos para as familias. Obradoiros formativos para o profesorado.	CCP Departamento de Orientación. ANPA	CFR	Trimestral (segundo recursos).
Analizar a marcha da convivencia en cada grupo/clase.	Asembleas de aula.	Titor/a.	Plan de Convivencia. ROF	Ao longo do curso
Potenciar a colaboración e interrelación entre o alumnado de diferentes grupos/cursos.	Saídas culturais. Actividades conxuntas de Centro.	Titores/as. Profesorado. EACE EDL	Actividades do Centro. Outras ofertas culturais.	Ao longo do curso.
Celebrar o "Día escolar da Paz e non violencia".	Actividades programadas polo Equipo de Actividades do Centro.	EACE/EDL. Titores/as. Profesorado.	Os necesarios, en función da programación.	Última semana de xaneiro.

Aprendizaxe de estratexias de resolución de conflitos.	Actividades que se determinen no PAT.	Titores/as.	PAT	Ao longo do curso durante as sesións de titoría.
Revisar o Plan de Convivencia, establecendo propostas de mellora.	Sesións de avaliación trimestrais. Reunións Comisión de Convivencia e Consello Escolar.	Claustro. Observatorio de Convivencia. Consello Escolar.	Plan de Convivencia. Informes de avaliación.	Trimestral. Avaliación final. Ao longo do curso.

iii. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.

Neste caso seguiremos o protocolo de prevención , detección e tratamento de acoso escolar e ciberacoso da Consellería que de xeito resumido sigue as seguintes pautas.

As situacións de intimidación ou acoso escolar veñen definidas pola coincidencia simultánea dalgunhas das seguintes accións:

- Malos tratos continuados no tempo, de carácter verbal, físico, psicolóxico ou baleiro social.
- Evidente intención de facer dano.
- Exclusión social.
- Utilización das TIC (ciberbullying)
- Roubo e deterioro de material.
- Burlas continuadas e con ánimo ofensivo.
- Desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Tipos de acoso

Exclusión e marxinación social.

- Non deixar participar
- Ignorar.

Agresión verbal .

- Insultar, poñer alcumes ofensivos...
- Falar mal de alguén ás súas costas.

Agresión física

- Pegar.
- Agachar cousas.
- Romper cousas.
- Roubar cousas.

Maltrato

Mixto

- Ameazar para meter medo.
- Ameazar con armas.
- Obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe).

Acoso sexual físico

- Actos.

Acoso sexual verbal

- Comentarios

Signos de identificación dun alumno ou alumna acosado/a:

- Sofre agresións físicas; presenta mostras de lesións.
- É continuamente ridiculizado, ameazado, dominado, ..
- Está a miúdo só, illado, excluído do grupo.
- Non intervéñ na clase, móstrase inseguro.
- Aparece triste, distraído, mostra infelicidade.
- Mostra desinterese e abandono polas tarefas escolares.

No caso de que se detectase a sospeita dalgún caso de intimidación ou acoso entre o alumnado procederase do modo seguinte:

Actuacións inmediatas de carácter urxente

- Coñecemento da situación:

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso ou intimidación deberá polo en coñecemento do equipo directivo.

- Posta en coñecemento do equipo directivo:

O equipo directivo, en colaboración coa orientadora mailo profesor/a titor/a do alumno ou alumna solicitarán a información necesaria utilizando técnicas e métodos adecuados que aseguren a confidencialidade.

- Valoración inicial:

- Tomaranse as medidas necesarias que se consideren oportunas logo da primeira valoración.
- Elaborarase un informe escrito que quedará rexistrado en Dirección.
- As familias dos alumnos ou alumnas implicados serán informadas das devanditas dilixencias.

Actuacións posteriores

Activarase o protocolo de actuación no caso de que se detecten condutas de acoso o intimidación entre o alumnado. ***Estas medidas estarán coordinadas polo EQUIPO de actuación contra o acoso escolar formado polo Equipo Directivo en colaboración coa orientadora, a profesora de PT que neste caso é tamén a responsable de convivencia e benestar do centro e o profesor ou profesora titor/a do alumno ou alumna.***

- Adopción de medidas **de carácter urxente:**
 - Medidas de apoio directo ao alumno/a afectado (víctima).
 - Revisión urxente da utilización de espazos e tempos do Centro, establecendo as medidas oportunas de prevención.
 - Aplicación do Regulamento de Organización e Funcionamento segundo se estime conveniente.
 - Segundo a gravidade do caso, posta en coñecemento e denuncia ás instancias correspondentes.
- Posta en coñecemento:
Comunicación a:
 - Familias do alumnado implicado (víctima/s e agresor/es).
 - Comisión de Convivencia do Centro.
 - Equipo de profesores/as dos alumnos/as implicados e demais membros do Claustro.
 - Inspector/a de Educación do Centro.
 - Outras instancias externas ao Centro (sanitarias, sociais e xudiciais, principalmente).
- Apertura de procedemento disciplinario:
Procederase á tramitación dun procedemento disciplinario que quedará depositado en Dirección e que comprenderá:
 - Recollida de información a través de diferentes fontes:
 - Documentación existente sobre os afectados.
 - Resultados da observación directa e sistemática.
 - Entrevistas e cuestionarios ás persoas relacionadas cos afectados (nais/pais, profesores, alumnos, persoal non docente...)
- Emisión dun prognóstico inicial.
- Liñas básicas de actuación nas que se incluírán :
 - Reunións co equipo de profesores do grupo de alumnos afectados.

- Avaliación de necesidades e recursos, repartindo responsabilidades para solucionar o conflito.
- Plan de actuación
 - Coa vítima:
 - Actuacións de apoio e protección expresa, directa ou indirecta.
 - Programas e estratexias específicas de atención e apoio social.
 - Posibilidade de derivación a servizos externos (sociais, sanitarios, xudiciais...).
 - Cos agresores:
 - Aplicación de medidas recollidas no Regulamento de Organización e Funcionamento.
 - Aplicación de programas de modificación de conduta.
 - Segundo o caso, derivación aos servizos externos (sociais, sanitarios, xudiciais...).
 - Cos compañeiros ou compañeiras dos afectados.
 - Actuacións dirixidas á sensibilización e apoio entre compañeiros/as dentro da acción titorial de aula.
 - Coas familias:
 - Pautas de intervención no fogar.
 - Información e asesoramento sobre servizos de apoio externos ao Centro (sociais, sanitarios, xudiciais...).

O centro dispón do Punto laranxa tanto físico como dixital que se sitúa nun lugar visible no colexio de fácil acceso para denunciar de xeito anónimo os casos coñecidos e está dotado de información básica sobre o tema

3.3. Protocolo de Absentismo.

Dispoñemos dun plan de absentismo redactado en conxunto cos colexios adscritos e coa colaboración do concello.

A lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, dispón que é un deber básico do alumnado “Asistir a clase con puntualidade e co material preciso”.

O protocolo de absentismo iniciarase cando o número de faltas mensuais sen xustificar debidamente supere a porcentaxe establecida pola lei. Nos centros educativos, este protocolo formará parte do Plan de Acción Titorial, do Plan de Atención á Diversidade e do Regulamento de Organización e Funcionamento, e será utilizado polo titor ou titora en situacións de absentismo escolar, entendendo por tal como a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual (atendendo ao disposto no artigo 22 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación) ou os días con faltas xustificadas que superen

o 20 % do cómputo de días mensual e se produzan de xeito intermitente. Consideraranse computables para o cálculo das porcentaxes os días nos que a/o alumno/a teña falta nunha ou máis horas lectivas.

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Nos seu **Artigo 37**. Promoción da escolarización e o seu control di que debemos adoptar as medidas necesarias para garantir a atención educativa do alumnado que, polas súas condicións persoais ou de historia escolar, presente dificultades para unha asistencia regular a un centro docente. Entre ese alumnado considérase, cando menos, o que figura na sección 2ª do capítulo IV desta orde.

No seu **Artigo 38**. Danos uns mecanismos de prevención, seguimento e control

1. A promoción da permanencia do alumnado no sistema educativo require accións favorecedoras desa permanencia e mecanismos para verificar o seu seguimento e o seu control. En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade establecerá procedementos de coordinación entre as institucións educativas e os poderes públicos con competencias na prevención, na detección e na intervención ante as situacións de absentismo, de desescolarización e de abandono escolar temperán. Entre eses procedementos considéranse o Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia e cantos outros se elaboren con esa finalidade, especialmente os xerados ou os que se xeren con motivo de situacións de emerxencias sanitarias.

2. Os centros docentes, dentro da súa autonomía e baixo a supervisión do servizo territorial de Inspección Educativa, adaptarán o desenvolvemento deses protocolos nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia. En todo caso, de conformidade co artigo 23.3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, establecerán os procedementos para a aplicación dos citados protocolos e recollerán, como mínimo, as seguintes actuacións ante situacións de desescolarización, absentismo e/ou abandono escolar temperán:

a) Control e rexistro das incidencias na asistencia do alumnado aos centros docentes.

b) Información ás nais, aos pais ou aos titores e ás titoras legais do alumnado, e intervención ante a detección de casos. c) Se procede, traslado da información, por parte da dirección do centro, ao servizo da Administración local e ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondentes.

Artigo 39. Plan autonómico de promoción da escolarización e da formación

1. De conformidade co artigo 24 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade impulsará a posta en marcha do Plan autonómico de promoción da escolarización e prevención do absentismo e o abandono escolar temperán, no cal se integren actuacións dos servizos educativos, sociais, de saúde, de emprego e, en xeral, de cantas administracións promovan e desenvolvan actuacións destinadas á redución do absentismo e do abandono escolar do alumnado.

2. O Plan autonómico de promoción da escolarización e da formación considerará, como mínimo, as seguintes liñas de actuación:

a) Prevención, para o cal se deseñarán e se desenvolverán medidas e actuacións dirixidas a evitar a aparición do absentismo e do abandono escolar temperán.

b) Intervención, control e seguimento, mediante o establecemento de procedementos e protocolos comúns de actuación para o control e o seguimento do absentismo e do abandono escolar temperán en toda a Comunidade Autónoma.

c) Coordinación e formación, para que as administracións con competencias nese ámbito coordinen os seus esforzos. Para tal fin, poderán constituírse as comisións que se consideren necesarias, nas cales se procurará acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

d) Análise e avaliación, a partir do deseño de indicadores e instrumentos que informen das medidas planificadas, do seu desenvolvemento e dos resultados acadados. A información obtida conformará un informe anual sobre o estado do absentismo e do abandono escolar temperán en Galicia.

3. Para cada unha das liñas de actuación indicadas no punto anterior, as administracións ou os organismos implicados establecerán obxectivos, actuacións, procedementos e estruturas responsables, procurando, sempre que sexa posible, a realización de actuacións conxuntas por parte dos distintos axentes educativos e sociais.

Cando se fala de absentismo non se pode considerar só a presenza física, posto que pode adoptar múltiples formas. Das diferentes tipoloxías considérase que a específica e completa é a que segue:

- Desescolarización: cando o alumno ou alumna non está matriculado en ningún centro escolar, estando en idade de escolarización obrigatoria.
- Absoluto: cando o alumnado, en idade de escolaridade obrigatoria e estando matriculado, non asiste nunca ás clases.
- Puntual ou intermitente: cando o alumnado non asiste ao Centro determinados días ou a determinadas áreas. Este absentismo pode ser:
 - Esporádico cando o alumnado non asiste ao centro para asistir a outras actividades (competicións deportivas, exames de ensinanzas especiais, etc.)
 - Selectivo: cando o alumnado selecciona a área/s, materia/s ou actividade/s complementaria/s ás que non asiste.
 - De tempada: cando non asiste de xeito habitual ás clases e só o fai en determinadas épocas do curso escolar ou prolonga en exceso unha ausencia autorizada por razóns de vacacións, viaxes, etc.
 - De puntualidade: cando chega tarde á primeira hora de clase ou a determinada materia/área ou marcha cedo, antes da hora de saída.
 - Pasivo: cando o alumno/a asiste ao centro pero manifesta unha conduta de ruptura, boicot e/ou pasividade no proceso de enseñanza-aprendizaxe.
- Encuberto polas familias: cando falta ás clases por diversos motivos (por exemplo, faltar o día que hai un exame) que as nais, pais ou representantes legais escusan.

- Familiar ou por exceso: cando as nais, os pais ou representantes legais teñen ás fillas e aos fillos máis tempo da conta no centro, por chegaren moi cedo ou viren con retraso á hora da saída a recollelas e recollelos.

TIPOLOXÍA DE FALTAS e PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN:

Computaranse como faltas de asistencia tanto as xustificadas como as que non o estean, máis non terán a mesma consideración á hora de iniciar o protocolo de actuación.

- Faltas de asistencia de alta intensidade: son aquelas nas que o alumnado falta máis da metade do horario lectivo ou deixa de asistir.
- Faltas de asistencia de intensidade media, cando falta entre o 10 % e o 50 % do horario lectivo.
- Faltas de baixa intensidade: se o número de faltas non supera o 10 % (neste caso consideraranse as faltas consecutivas relativas a un feito concreto de enfermidade, saída familiar, faltas concretas que se producen con periodicidade mensual, abandono esporádico do centro a determinadas horas, inasistencia no horario de inicio ou final de sesión, faltas de puntualidade, inasistencia a unha determinada área, materia ou actividade, ...).

TIPO DE FALTAS	DÍAS	XUSTIFICACIÓN
Citas ás que ten que ir o alumnado obrigatoriamente (<i>p.e. ás médicas</i>).	Sendo xustificable o tempo necesario.	Avisar da ausencia con antelación e traer o xustificante (<i>médico ou doutro tipo</i>).
Indisposicións	2 días lectivos	Avisar da ausencia no mesmo día e á 1ª hora da mañá e traer xustificante ao día seguinte.
Morte ou enfermidade grave dun familiar en 1º e 2º grao.	1-2 como máximo.	Avisar da ausencia no mesmo día e entregar documento acreditativo.
Enfermidade	Sendo xustificable o tempo de	Avisar da ausencia e entregar xustificante médico cando se

	prescripción médica	incorpore se son menos de 3 días e se a enfermidade é por máis días deberán achegar xustificante médico no que se especifique a posible duración da enfermidade.
Causas xurídicas ou similares que non poidan facerse fóra do horario lectivo	Sendo xustificable o tempo necesario.	Documento acreditativo.
Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares en horario lectivo.	Sendo xustificable o tempo necesario.	Documento acreditativo.
Puntualidade*.	Minutos ou hora.	Xustificante da nai/pai ou titor/a legal no momento da incorporación ao Centro.
Outras.	1 como máximo.	Xustificante da nai/pais ou titor/a legal coa explicación do motivo.

- As faltas de puntualidade poden ser:
 - **Impuntualidade leve ou esporádica:** impuntualidade dalgún día ao trimestre con demora de ata 10 minutos por día de falta.
 - **Impuntualidade grave:** retrasos superiores a 10 minutos, retraso de xeito continuado ao longo da semana/do mes ou impuntualidades leves repetidas diariamente.
 - **Por exceso:** cando as nais, os pais ou representantes legais achegan ao alumnado ao centro antes de comezar a xornada escolar cunha antelación superior aos 15 minutos ou tardan en recollelo á saída máis de 15 minutos.

Deberase ter en conta que non son xustificables aquelas faltas que se deban a motivos como os que seguen:

- Acompañar ás nais/pais na súa actividade laboral.
- Coidar de irmás e/ou irmáns de menor idade.
- Coidar de familiares enfermos.
- Realizar tarefas domésticas.
- Acompañar á familia de viaxe en períodos non vacacionais.
- Realizar traballos remunerados.
- Preparación de exames ou probas
- Pasar os días que correspondan por custodia compartida

Seguimento das faltas de asistencia a clase do alumnado e a súa comunicación

1. O profesorado titor deberá comunicar ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado todas as faltas de asistencia a clase de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte e diferenciando as faltas xustificadas das non xustificadas.
2. Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presenten dificultades para a súa xustificación ou cando se incremente de forma significativa o número de faltas sen xustificar, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha reunión, coa finalidade de analizar a situación que se está a producir e tratar de corrixila, evitando que se produza a apertura do expediente de absentismo.

3.4. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia.

i. Formación do profesorado (cursos, seminarios, PFPP)

- Participación de todo o claustro no seminario do PFP sobre metodoloxías innovadoras de habilidades sociais e relacionadas co traballo TIL
- PFPP grupo de traballo “Propostas metodolóxicas competenciais”, e “Metodoloxías e estratexias activas nas matemáticas e nas linguas”
- Participación nos Contratos programa para a mellora da convivencia e o Plan Proxecta.

- #### ii. Escola de nais e pais. Creación das escolas de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.

A asociación Érguete leva a cabo tres charlas ao longo do curso
Charlas dentro do Plan Director levadas a cabo pola garda civil .

3.5. Normas de convivencia do centro

Teremos en conta a concreción de dereitos e deberes de toda a comunidade así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas (Documento de constatación dos feitos (art. 37 do D.8/2015)).

A convivencia é un factor de calidade que debe construírse de modo intencional e sistemático mediante as actuacións de todos os membros da comunidade educativa. Aprender a convivir é un obxectivo esixible á nosa escola. Cómpre, xa que logo, que todos os axentes da comunidade educativa, nos sintamos corresponsables nesta tarefa.

Establecemos como normas básicas de convivencia no CEP de Riomaioir, as seguintes:

- a) A utilización da lingua galega como canle de comunicación básica da comunidade educativa e de relación con outras institucións, de acordo coa Lei de Normalización Lingüística.
- b) O respecto á dignidade, integridade, intimidación, ideas e crenzas de todos os membros da comunidade educativa.
- c) A non discriminación a ningún membro da comunidade escolar por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- d) O seguimento das orientacións do profesorado e do persoal non docente no exercicio das súas funcións.
- e) O coidado e utilización correcta do edificio, mobiliario, instalacións e materiais do Centro, así como o respecto ás pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
- f) O uso respectuoso da linguaxe e das normas de corrección no trato.
- g) A participación na vida e funcionamento do Centro, cadaquén desde o seu ámbito.
- h) A confidencialidade das informacións respecto de calquera membro da comunidade educativa, e de maneira especial da información familiar e médica.
- i) A cooperación nas actividades educativas propostas polo Centro.
- j) O respecto escrupuloso do horario xeral do Centro de todo o persoal adscrito a el.
- k) A non realización de actividades prexudiciais para a saúde nin a incitación a elas.
- l) A aprendizaxe de habilidades sociais de comunicación, pacíficas e non violentas, na resolución de conflitos.
- m) En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan na lexislación vixente e no Regulamento de Organización e Funcionamento aos membros da Comunidade Educativa e a cada un dos seus estamentos.

Normas que regulan a convivencia do alumnado

Normas que regulan a convivencia na aula e no Centro

- Todos os alumnos/as cumprirán e respectarán os horarios aprobados para o desenvolvemento das distintas actividades educativas do Centro.
- Desenvolverán a cultura do esforzo e do traballo ben feito, en función das posibilidades de cada un.
- Utilizarán o saúdo como norma de cortesía cara aos demais membros da comunidade educativa.
- Realizarán as actividades escolares e os desprazamentos polo edificio ordenadamente, nun clima de corrección e respecto, evitando berros xeradores de actitudes violentas.
- Desenvolverán un trato de respecto e cordialidade cara ao profesorado, aos seus compañeiros/as e, en xeral, a todos os membros da Comunidade Educativa.
- Os/as alumnos/as seguirán as orientacións de todo o profesorado e do persoal non docente adscrito ao Centro, no exercicio das súas funcións.
- Todos os alumnos e alumnas virán ao Centro correctamente vestidos e debidamente aseados.
- Ningún alumno ou alumna poderá ausentarse do colexio en horas lectivas sen autorización por escrito do pai, nai ou titor. Se o alumno ou alumna necesita saír deberá facelo acompañado da nai, pai ou titores legais asinando un impreso de responsabilidade.
- No Centro non poderá utilizarse ningunha clase de dispositivos electrónicos, nin cámaras, nin ningún outro medio de captura de voz ou imaxes (MP3, teléfonos móbiles, ...), agás coa autorización expresa do profesorado para a realización dunha actividade específica.

Normas que regulan o coidado e utilización dos materiais e instalacións da aula e espazos comúns do Centro.

- Os alumnos e alumnas coidarán as instalacións e o material do Centro usándoas de forma correcta.
- Manterán en todo momento unha actitude respectuosa co medio ambiente no relativo á limpeza, reciclaxe e a adquisición de hábitos de consumo responsable.
- Cada alumno ou alumna manterá ordenado e limpo o seu espazo (mesa, cadeira, caixóns, ...) e recollerá o seu material e equipo persoal cando remate a xornada lectiva.
- Durante o tempo de recreo ningún alumno/a poderá permanecer na aula nin nos corredores, agás acompañado/a dalgún profesor ou profesora.
- No momento de ir ao recreo, cada alumno/a lembrarase do que ten que coller da clase co fin de evitar entradas e saídas innecesarias.
- Devolver, no prazo fixado e no estado en que lles foi entregado, os libros da Biblioteca do Centro e/ou de Aula levados en préstamo ou como libros de consulta.

Normas que regulan a actividade académica e o traballo na aula

- O estudo é un deber fundamental do alumnado que participará nas actividades de clase activamente, en función das súas posibilidades.
- Entregarán puntualmente os traballos propostos, coidando a presentación, ortografía e caligrafía, orde e limpeza.
- Os alumnos e alumnas traerán ao colexio o material necesario para o normal desenvolvemento das actividades lectivas.
- Cada profesor/a regulará e exporá ao alumnado ao comezo de cada curso as normas xerais que regulan as actividades e o traballo da súa área.
- Cando un grupo teña que ir a unha dependencia do Centro distinta da súa aula, farao acompañado polo profesor ou profesora correspondente nun clima de orde e silencio, para non entorpecer as actividades lectivas dos compañeiros doutras clases.
- Todo o alumnado ten que asistir a clase con puntualidade e regularidade.
- É deber fundamental de todos os alumnos e alumnas respectar o exercicio do dereito ao estudo e ao traballo dos seus compañeiros/as de clase.
- Toda falta de asistencia e puntualidade deberá xustificarse por escrito asinado polos pais ou titores do alumno o primeiro día de reincorporación a clase, sen prexuízo de que o alumno coñecedor de que vai faltar, o comunique oralmente ao titor ou titora do grupo.

Normas que regulan a realización de actividades fóra do Centro

Ademais das normas anteriormente especificadas, nas actividades complementarias e extraescolares contemplaranse as seguintes:

- Observar un comportamento correcto e responsable coas persoas e instalacións do lugar que se visita.
- Os alumnos/as permanecerán en grupo ao longo da visita, podéndose separar del só co permiso do profesor/a.
- Durante o traxecto no autobús ou medio de transporte utilizado, observarase un comportamento correcto en todo momento.
- *Será requisito imprescindible para ir ao viaxe de fin de estudos de 6º ter un comportamento axeitado durante todo o curso.*

Normas que regulan a asistencia ao Comedor Escolar.

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de cumpriren unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do Centro.

- Todo o alumnado usuario do comedor escolar utilizará responsable e adecuadamente este servizo, sobre todo, nos aspectos referidos á saúde e hixiene persoal, asistencia e puntualidade e actitude e comportamento.

Normas que regulan o comportamento no transporte escolar.

- O alumnado utilizará adecuadamente e con criterios de responsabilidade o transporte escolar ao servizo do Centro.
- Desenvolverá hábitos de comportamento correcto en relación co asento asignado e, en xeral, cos demais usuarios.
- Respektará as indicacións do/a “acompañante” e do/a condutor/a.
- O/a acompañante indicará o lugar seguro onde viaxará cada alumno/a
- Utilizar a máscara si tivera prescrición sanitaria.
- Os pais/nais non poderán subir ao autobús para dirixirse a ningún alumno que van baixo a custodia dos coidadores.
- Se un alumno/a non respecta as normas básicas de comportamento perderá o dereito de transporte en bus

Dereitos e deberes do alumnado

Dereitos dos alumnos

Todos os alumnos teñen dereito a recibir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e capacidades, nun ambiente de convivencia e respecto mutuo.

Incluirá non só a adquisición de competencias básicas, contidos científicos e culturais, hábitos intelectuais e técnicas de traballo, senón tamén o desenvolvemento harmónico da afectividade, da autonomía persoal, da autoestima, da capacidade de relación coas demais persoas e co medio.

Para facilitar a formación, os alumnos e alumnas terán unha xornada de traballo escolar adecuada á súa idade e unha planificación equilibrada das súas actividades de estudo.

Todos os alumnos e alumnas teñen dereito ás mesmas posibilidades de acceso aos niveis de ensino que se imparten no CEP de Riomaior.

A igualdade de oportunidades promoverase mediante:

- a) A non discriminación por razóns de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, sensoriais e psíquicas ou calquera outra condición persoal ou social.
- b) O establecemento de medidas compensatorias que garantan a igualdade real e efectiva de oportunidades.
- c) Plans de acción para a integración e o fomento de relacións positivas.

Todos os alumnos e alumnas teñen dereito a que o seu esforzo, dedicación e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.

- a) Como garantía diso, o CEP de Riomaior, no seu Regulamento de Organización e Funcionamento, asegurará a publicidade de contidos, obxectivos e criterios de avaliación por parte de todo o profesorado, e manterá unha comunicación

fluída coas familias no relativo ás valoracións sobre o desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe, así como das decisións que se adopten como resultado de dito proceso, de maneira especial despois da sesións de avaliación, tanto finais como intermedias.

- b) As nais/pais ou titores legais dos/as alumnos/as poderán reclamar contra as decisións e cualificacións dos seus fillos ou fillas que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ao rematar o Ciclo ou a Etapa, nos cinco días seguintes ao coñecemento das mesmas.

Todos os alumnos e alumnas teñen dereito a que se lles respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e as súas conviccións morais, de acordo coa Constitución Española e os Tratados Internacionais de Dereitos Humanos.

Calquera alumna ou alumno do CEP de Riomaior nunca será discriminado por razóns de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, sensorial ou psíquica, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Este dereito garántese mediante:

- a) A información, antes de formalizar a matrícula, sobre o Proxecto Educativo do CEP de Riomaior.
- b) O fomento da capacidade e actitude crítica do alumnado que lles posibilite a realización de opcións de conciencia en liberdade.
- c) A elección por parte das nais/pais ou titores legais, da formación relixiosa ou moral que resulte acorde coas súas crenzas ou conviccións, sen que desta elección poida derivarse discriminación algunha.

Todos os alumnos e alumnas teñen dereito a que se lles respecte a súa identidade, dignidade e integridade física, psíquica e moral.

Supón o respecto á súa intimidade e a poder gozar dun ambiente de boa convivencia no Centro, que fomente o respecto e a solidariedade entre compañeiros.

- a) Centro poderá solicitar os datos persoais do alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ao ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como aqueloutras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a súa educación e orientación.
- b) As nais/pais ou titores legais e o propio alumnado deberán colaborar na obtención da información a que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno/a ao Centro suporá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, de ser o caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivese escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información a que se refire este punto será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non se podendo tratar con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso.
- c) O Centro aplicará normas técnicas e organizativas que garantan a seguridade e confidencialidade dos datos persoais que solicite como necesarios para o

exercicio da función educativa. O profesorado e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda a datos persoais e familiares que afecten o honor e intimidade dos menores ou das súas familias quedará suxeito ao deber de sigilo e confidencialidade.

- d) A cesión de datos, incluídos os de carácter reservado, hanse realizar, preferentemente, por vía telemática e estará suxeita á lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- e) Prohíbese a difusión ou utilización de imaxes ou nomes das nenas ou dos nenos en calquera medio de comunicación que poida implicar unha intromisión ilexítima na súa intimidade, honra ou reputación, aínda que presten o seu consentimento os seus pais ou representantes legais.

Todos os alumnos e alumnas teñen dereito á vida e á protección contra toda forma de maltrato, violencia, manipulación ou acoso sexual.

- a) A actividade académica dos alumnos e alumnas deberá realizarse nas adecuadas condicións de seguridade e hixiene.
- b) Os órganos de goberno do CEP de Riomaior, os mestres e mestras e o resto do persoal deberán colaborar na erradicación do maltrato entre iguais, seguindo os procedementos establecidos, comunicando á Dirección, para o seu traslado á Administración educativa, calquera indicio que se observe.

Todos os alumnos e alumnas teñen dereito a participar no funcionamento e na vida do Centro, así como de reunirse e asociarse, de acordo co disposto na normativa vixente.

Todos os alumnos e alumnas teñen dereito á información e a expresárense libremente nos termos constitucionalmente previstos.

1. O alumnado debe ser informado de forma comprensible para a súa idade de todo o que lle afecte, por parte do Centro e dos seus responsables. De maneira especial, coñecerán os criterios xerais que se van aplicar para a avaliación das aprendizaxes e a promoción aos niveis e etapa seguintes.

Igualmente serán informados polos mestres de todo o relacionado coa avaliación do seu rendemento académico e o desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe, así como das decisións que se tomen como resultado de dito proceso.

Tras ser informados, os alumnos e alumnas teñen dereito a manifestar as súas discrepancias en relación coas decisións educativas que lles afecten.

2. O dereito á liberdade de expresión dos menores esténdese:
 - a. Á publicación e difusión das súas opinións.
 - b. Á expresión na súa propia lingua, sen discriminación por razón dela.Este dereito estará limitado para garantir o respecto aos dereitos dos demais ou á protección da seguridade, saúde ou moral públicas, determinados neste Regulamento de Organización e Funcionamento.

Todos os alumnos e alumnas terán dereito, no caso de accidente, conflito social ou enfermidade prolongados, á protección e axuda precisa, a través da orientación requirida, ao material didáctico adecuado e ás axudas imprescindibles para que o accidente, o conflito social ou a enfermidade non supoñan detrimento da súa formación académica e persoal.

Todos os alumnos e alumnas teñen dereito a recibir as axudas e os apoios necesarios para compensar as carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, que impidan ou dificulten o acceso e a permanencia no sistema educativo.

Cando non se respecten os dereitos das/os alumnas/os, ou cando calquera membro da Comunidade Escolar impida o efectivo exercicio de ditos dereitos, o órgano competente do Centro adoptará as medidas que procedan conforme ao disposto na lexislación vixente, previa audiencia dos interesados e consulta, no seu caso, ao Consello Escolar.

Deberes dos alumnos

Todos os alumnos e alumnas teñen o deber de conseguir o máximo desenvolvemento segundo as súas capacidades a través do estudo e do esforzo.

O estudo e o esforzo constitúen os deberes básicos do alumando que se concretan nas seguintes obrigas:

1. Todos os alumnos e alumnas están obrigados a asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo de Ed. Primaria, realizando o esforzo necesario.
2. As nais/pais ou titores legais teñen o deber de xustificar as faltas de asistencia a clase mediante escrito asinado e/ou achegando os xustificantes que sexan requiridos polo mestre/a-titor/a.
3. Ás/Os alumnas/os deben, así mesmo, realizar as tarefas encomendadas e seguir as directrices establecidas polos mestres no exercicio das súas funcións docentes.
4. Igualmente están obrigados a participar e colaborar na consecución dun adecuado clima de estudo e a respectar o dereito dos seus compañeiros/as a recibir formación.
5. Os alumnos e alumnas deben entregar aos seus pais ou titores legais as comunicacións escritas do Centro ou dos seus mestres, así como as informacións do seu rendemento académico. Do mesmo xeito, deben entregar no Centro ou aos seus mestres as comunicacións escritas dos seus pais ou titores legais.

Todos os alumnos e alumnas teñen o deber de respectar a dignidade, funcións e orientacións dos mestres e mestras no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do CEP de Riomaioir.

Este deber concrétase nas seguintes obrigas:

1. Seguir as súas orientacións nas actividades formativas, na convivencia e, en xeral, na vida escolar.
2. Colaborar con responsabilidade no exercicio da súa autoridade docente.
3. Amosar unha actitude cooperativa e receptiva, participando e asumindo un compromiso activo na súa formación.

Todas as alumnas e alumnos teñen o deber de respectar os valores democráticos e aos restantes membros da comunidade educativa.

O alumnado debe respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, e a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

Constitúe un deber do alumnado a no discriminación de ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, etnia, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

Todas as alumnas e os alumnos teñen o deber de respectar as normas de convivencia, organización e disciplina do CEP de Riomaioir.

Este deber, entre outros aspectos, refírese a:

1. Seguir as directrices sinaladas polo profesorado do Centro.
2. Asistir diariamente a clase con puntualidade, sen ausencias inxustificadas e respectando os horarios de entrada e saída.
3. Acudir ao Centro nas condicións adecuadas de hixiene e saúde.
4. Permanecer no recinto do Centro durante o tempo lectivo e só poderán ausentarse del por causa xustificada e coa autorización dos seus pais ou titores legais, que os recollerán ou delegarán tal función, por escrito, nalgunha outra persoa adulta que deberá identificarse, segundo se establece no Artº 159.
5. Cumprir as normas de seguridade, saúde e hixiene persoal.
6. Asistir ao Centro provistos do material necesario para o exercicio das súas actividades formativas.
7. Exercer, se é o caso, as funcións de representación do alumnado nos órganos de participación do Centro de acordo coas disposicións vixentes ao respecto.
8. Respectar o Proxecto Educativo do CEP de Riomaioir, de acordo coa lexislación vixente.
9. Colaborar na obtención da información necesaria para o exercicio da función educativa por parte do Centro.
10. Asistir ás clases de Educación Física coa roupa adecuada que inclúe camiseta, pantalón e calzado deportivo, ademais dos útiles de aseo. En ningún caso

unha crenza pode impoñer outra vestimenta ou eximir das actividades da área.

Todas as alumnas e alumnos do Centro teñen o deber de participar e contribuír na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado ambiente de estudo no CEP de Riomaíor, respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras á educación e a autoridade e orientacións do profesorado.

Deber de conservar e facer un uso correcto das instalacións do Centro e dos materiais didácticos.

As alumnas e alumnos do Centro teñen o deber de coidar e utilizar correctamente os bens mobles, os materiais e recursos didácticos, os documentos e as instalacións do Centro, así como respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.

Todos os alumnos e alumnas do Centro teñen a obriga de respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, e a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

1. Este deber inclúe o respecto á decisión das compañeiras e compañeiros que non desexen participar no exercicio colectivo dos dereitos individuais de expresión, reunión ou asociación.
2. Así mesmo, as alumnas e alumnos deberán absterse de utilizaren calquera tipo de expresións insultantes, ameazadoras ou difamatorias contra calquera membro da comunidade educativa.

Dereitos e deberes dos pais e nais

Dereitos dos pais e nais ou titores legais dos alumnos

- 1) As nais/pais ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou pupilos, teñen os seguintes dereitos:
 - a) A que reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade, conforme aos fins establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia e nas leis educativas.
 - b) A escoller centro docente tanto público como distinto dos creados polos poderes públicos.
 - c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no Centro e a ser oídos nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou pupilos.
 - d) A que reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
 - e) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos e fillas ou pupilos, para o que lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do Equipo Directivo.

- f) A participar no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos e fillas ou pupilos a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.
 - g) A participar na organización, funcionamento, goberno e avaliación do CEP de Riomaior, nos termos establecidos nas leis.
 - h) A ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica dos seus fillos/as.
- 2) O CEP de Riomaior recoñece como propios, ademais dos anteriores, os seguintes dereitos das nais/pais ou titores legais dos alumnos e alumnas:
- a) A ser respectados na súa dignidade persoal polo resto da comunidade educativa, e a expoñer as súas ideas, suxestións e opinións a través das canles establecidas.
 - b) A ser electores e elixibles ao Consello Escolar.
 - c) Participar, a través dos seus representantes no Consello Escolar, na xestión do Centro.
 - d) Ser recibidos polo Equipo Directivo, os mestres titores respectivos e os mestres especialistas de cada Área, por motivo de asuntos relacionados cos seus fillos, no horario determinado ao comezo do curso.
 - e) A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.
 - f) A asociarse cos fins e na forma establecidos nas leis.
 - g) A reunirse, utilizando as instalacións do Centro, sempre que respecten o normal desenvolvemento das actividades escolares e previa solicitude dos representantes legais á Dirección.
 - h) A reclamar contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación se adopten ao remataren un ciclo ou curso.
 - i) A ser escoitados diante do Consello Escolar, a título individual, cando o caso o requira.

Deberes dos pais e nais ou titores legais dos alumnos

- 1) Ás nais/pais ou titores legais dos alumnos, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou pupilos, correspóndelles:
- a) Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos ou pupilos cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan con regularidade ás clases.
 - b) Proporcionar, na medida das súas dispoñibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o seu progreso escolar.
 - c) Estimularlos para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden.
 - d) Participar de maneira activa nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que o CEP de Riomaior estableza coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos e fillas.
 - e) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración cos mestres e o Centro.

- f) Coñecer, respectar e facer respectar as normas de convivencia establecidas polo CEP de Riomaioir, así como a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas dos mestres no exercicio das súas competencias.
 - g) Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.
 - h) Colaborar co Centro na prevención na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou pupilos.
- 2) O CEP de Riomaioir recoñece como propios, ademais dos anteriores, os seguintes deberes das nais/pais ou titores legais dos alumnos e alumnas:
- a) Acudir ás citacións que desde o Centro se lles fagan, no ámbito das súas competencias.
 - b) Facilitar a información adecuada dos seus fillos, así como a de posibles minusvalías físicas ou psíquicas que poidan presentar.
 - c) Informar á Dirección do Colexio das enfermidades infecto-contaxiosas dos seus respectivos fillos, absténdose de envialos a clase en tanto non se resolva o problema.
 - d) Enviar con puntualidade e debidamente aseados aos seus fillos ao Centro.
 - e) Xustificar por escrito ao mestre/a-titor/a as faltas de asistencia dos alumnos e alumnas, tanto as que se teñan producido como as que se vaian producir.
 - f) Respetar o horario establecido para visitas aos membros do Equipo Directivo, os mestres ou mestras-titoras así como ao resto do profesorado.
 - g) Controlar aos alumnos para que leven diariamente a clase o material necesario para o normal desenvolvemento das actividades formativas.
 - h) Responsabilizarse de que os alumnos entreguen o boletín de cualificacións da avaliación e devolvelo polas canles establecidas, debidamente asinado, ao mestre/a-titor/a do grupo correspondente, así como doutros comunicados enviados polo Centro.
 - i) Respetar a metodoloxía didáctica utilizada no Centro.
 - j) Previr os riscos que implica o acceso indiscriminado dos seus fillos e fillas a contidos inapropiados, ilícitos ou lesivos para o seu desenvolvemento, na

Dereitos e deberes das ANPAS

A Asociación de Nais/Pais de Riomaioir.

- 1) As nais/pais ou titores legais do alumnado do CEP de Riomaioir teñen garantida a liberdade de asociación.
- 2) O órgano de representación das nais/pais ou titores legais dos alumnos e alumnas do CEP de Riomaioir será a Asociación Nais/Pais de Riomaioir, que se aterá na súa constitución e funcionamento ao establecido na Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación e no Real Decreto 1533/1986, de 11 de Xullo, que a regula.
- 3) A ANPA de Riomaioir non poderá desenvolver no Centro outras actividades que as previstas nos seus estatutos dentro do marco dos fins que a Lei lles asigna como propios.
- 4) A Asociación de Nais/pais de Riomaioir poderá utilizar un local para o desenvolvemento das actividades que lle son propias, sempre que a dispoñibilidade do Centro o permitan.

- 5) Aos efectos de cumprir cos seus fins, a ANPA de Riomaioir poderá integrarse na Federación Provincial de ANPAS que determinen os seus órganos de goberno.
 - a) Asistir aos pais/nais ou titores legais en todo o que atinxe á educación dos seus fillos ou pupilos.
 - b) Colaborar nas actividades educativas do Centro.
 - c) Asistir aos pais/nais ou titores legais de alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro, promovendo a participación dos mesmos.
 - d) Promover e facilitar a representación e a participación dos pais/nais de alumnos e alumnas no Consello Escolar e noutros órganos colexiados.
 - e) Calquera outra que, dentro da normativa vixente, lle asignen os seus estatutos.

Actuacións da Asociación de Nais/Pais de Riomaioir en relación co Centro.

A Asociación de Nais/Pais de Riomaioir, en relación co Centro, poderá:

- 1) Propor un representante seu para formar parte do Consello Escolar.
- 2) Elevarlle propostas ao Consello Escolar para a elaboración do Proxecto Educativo do Centro e ao Equipo Directivo para a elaboración do Plan Xeral Anual.
- 3) Informar ao Consello Escolar daqueles aspectos do Centro que consideren oportuno.
- 4) Informar aos asociados e asociadas da súa actividade.
- 5) Recibir información, a través dos seus representantes no Consello Escolar, sobre os temas tratados nel.
- 6) Elaborar informes para o Consello Escolar por propia iniciativa ou a petición del.
- 7) Elaborar propostas de modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro.
- 8) Formular propostas para a realización de actividades complementarias e extraescolares que, logo de ser aceptadas, deberán figurar no Plan Xeral Anual.
- 9) Coñecer os resultados académicos referidos ao Centro e a valoración que deles realice o Consello Escolar.
- 10) Recibir un exemplar do Plan Xeral Anual, do Proxecto Educativo do Centro, do Proxecto Curricular da Etapa, do Plan de Convivencia e das súas modificacións.
- 11) Recibir información sobre os libros de texto e os materiais curriculares adoptados polo Centro.
- 12) Fomentar a colaboración entre todos os membros da Comunidade Educativa.
- 13) Facer uso das instalacións do Centro nos termos que estableza o Consello Escolar de acordo coa normativa lexislativa vixente.
- 14) Responsabilizarse da xestión, organización e control das Actividades Extraescolares da Tarde, de acordo coas directrices do Consello escolar.
- 15) Responsabilizarse da xestión, organización e control do Comedor Escolar, de acordo coas directrices do Consello escolar.
- 16) Aqueloutras que, no marco da legalidade vixente, lles asignen os seus Estatutos.

Persoal non docente

Persoal administrativo e subalterno.

Está constituído polo Conserxe, o persoal de limpeza e o persoal administrativo, se o houber. O Secretario do Centro, organizará a xornada laboral deste persoal en función das necesidades organizativas do CEP de Riomaioir, velará polo seu cumprimento e porá en coñecemento inmediato da Dirección calquera incidencia que altere o normal funcionamento do Centro.

Dereitos do persoal administrativo e subalterno

Son dereitos do persoal administrativo e subalterno do CEP de Riomaioir aqueles que como cidadáns lles corresponde os establecidos neste Regulamento e en particular os seguintes:

- 1) Tanto o Conserxe como o persoal de limpeza e o administrativo teñen o dereito a ser respectados, recibir un trato adecuado e ser valorados pola comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- 2) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve, en todo caso, a súa integridade física e moral.
- 3) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia no Centro.
- 4) Teñen dereito a participar na xestión do Centro a través do seu representante no Consello Escolar.
- 5) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- 6) Reunirse nos locais do Centro, previa petición á Dirección, quen accederá en tanto o acto non perturbe o normal desenvolvemento das actividades escolares e se refira a temas relacionados co exercicio das súas funcións.

Deberes do persoal subalterno

O persoal subalterno, constituído polo Conserxe e o persoal de limpeza, depende directamente da Dirección do Centro, podendo este delegar dita función, se o estima necesario, no Secretario do mesmo.

Son deberes do persoal subalterno do CEP de Riomaioir aqueles que como cidadáns lles corresponde, os establecidos neste Regulamento e, en particular, os seguintes:

- 1) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, con todos os compoñentes da comunidade educativa e con cantas persoas accedan ao Centro para realizar xestións administrativas ou visitas xustificadas.
- 2) O réxime de xornada, horario, permisos, licencias e vacacións está regulado polo convenio e normativa aplicable ao persoal funcionario (escala de subalternos) do Concello de Vilaboa. En calquera caso, o horario axustarase ás necesidades do CEP de Riomaioir.
- 3) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- 4) Informar ao Equipo Directivo das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

O comedor escolar

O Comedor Escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de cumpriren unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do CEP de Riomaior de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación formará parte do Plan Xeral Anual.

Ten unha cuádrupla finalidade:

- 1) Responder á necesidade das familias que por motivos de traballo ou outros precisan este servizo para os seus fillos e fillas.
- 2) Como un ámbito educativo máis do Colexio, desenvolver e fomentar hábitos alimentarios saudables desde a escola, educar nutricionalmente, ensinar un comportamento social e ser centro de desenvolvemento de habilidades sociais e convivencia.
- 3) Proporcionar unha alimentación variada para garantir a inxestión suficiente e adecuada de nutrientes e enriquecer a capacidade de adaptación dos nenos e nenas aos diferentes alimentos, sabores e texturas.
- 4) Educar á familia a través dos hábitos dietéticos adecuados dos seus fillos e involucrala no programa do comedor escolar.

Todos os alumnos e alumnas do CEP de Riomaior que utilicen o transporte escolar deberán cumprir as seguintes normas de convivencia e seguridade:

- 1) Non achegarse ao autobús ata que estea completamente parado e as súas portas abertas.
- 2) Non dar empurróns nas entradas e saídas del.
- 3) Manterse sentados/as ao longo de todo o traxecto.
- 4) Respetar ao condutor ou condutora e acompañante escolar e seguir as súas indicacións.
- 5) Axudar aos máis pequenos ou aos que presenten algunha minusvalía e non acosalos ou abusar deles.
- 6) Non danar o vehículo nin os seus elementos ou comer dentro del.
- 7) Cruzar a estrada sempre por detrás do vehículo, con moito coidado e mirando, antes de facelo, á esquerda e dereita.

Funcións da/o acompañante do transporte escolar

O transporte dos alumnos pode ser un momento que se preste ao inicio dalgún conflito. O/A coidador/ra velará para que non se produzan pero no caso de que así fora informará ao equipo directivo

3.6. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.

(D. 8/2015, 8 xaneiro)

Os incumprimentos das normas de convivencia hanse valorar considerando a situación e as condicións persoais do alumno, a súa idade, as súas circunstancias persoais, familiares e sociais.

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias á convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte ao establecido polo artigo.
3. As condutas realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación deste Regulamento de Organización e Funcionamento.
4. Non se poderá aplicar medida correctora algunha a ningún alumno ou alumna por actos ou omisións que non estivesen definidas como condutas inadecuadas, ou como condutas contrarias ou gravemente prexudiciais á convivencia, que non estivesen tipificadas neste Regulamento.

Principios xerais das correccións educativas.

As correccións educativas hanse basear nos seguintes principios xerais:

- 1) Deberán ter un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto aos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.
- 2) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación nin do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas neste Regulamento que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
- 3) Non se poderán impor correccións educativas contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno ou alumna.
- 4) Respetarase a proporcionalidade coa conduta do infractor e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- 5) Os órganos competentes para a instrución dun expediente ou para a imposición das correccións previstas neste Regulamento, terán conta a idade do alumnado, así como as súas circunstancias persoais, familiares ou sociais. A estes efectos, poderanse solicitar os informes que se estimen necesarios sobre as aludidas

circunstancias e recomendar, no seu caso, aos pais do alumno ou alumna, ou ás institucións públicas competentes, a adopción das medidas necesarias.

Responsabilidade e reparación de danos.

- 1) As alumnas e alumnos que, individual ou colectivamente, causen danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do Centro ou ao seu material, incluídos os equipos informáticos e o software, así como aos bens doutros membros da comunidade educativa, quedan obrigados, a través dos seus pais ou titores legais, a reparar o dano causado ou asumir o custo económico da súa reparación. Igualmente, o alumnado que subtraia bens no Centro, deberá restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. En calquera caso, os pais ou representantes legais dos alumnos serán responsables civís nos termos previstos nas leis.
- 2) Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que imponha a corrección da conduta.
- 3) O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Gradación das correccións.

- 1) A efectos da gradación das correccións educativas, consideraranse circunstancias que atenúan a responsabilidade:
 - a) O recoñecemento espontáneo da incorrección da conduta.
 - b) A reparación espontánea do dano producido, sexa físico ou moral.
 - c) A falta de intencionalidade maliciosa na causación do dano ou na perturbación das actividades do Centro.
 - d) O carácter ocasional da falta na conduta da alumna ou alumno.
 - e) O ofrecemento de actuacións compensatorias do dano causado.
- 2) Consideraranse circunstancias acentuantes:
 - a) A premeditación maila reiteración.
 - b) Calquera conduta que supoña atentar contra o dereito a non seren discriminado por razón de nacemento, raza, sexo, lingua, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
 - c) Cando a subtracción, agresión, aldraxe ou ofensa se realice contra quen se atope en situación de menor idade, minusvalía, incorporación recente ao Centro ou situación de indefensión.

- d) A gravación e difusión, a través da Internet ou por calquera outro medio, de imaxes das condutas obxecto de corrección.
- e) A natureza e entidade dos prexuízos causados ao Centro ou a calquera dos integrantes da comunidade educativa.
- f) A incitación ou estimulación da actuación colectiva lesiva dos dereitos dos demais membros da comunidade educativa e a publicidade manifesta da actuación contraria ás normas de convivencia.

Ámbito das condutas a corrixir.

Hanse corrixir os actos contrarios ás normas de convivencia do CEP de Riomaioir realizados polas alumnas e alumnos no recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares. Igualmente, poderán corrixirse as actuacións do alumnado que, malia seren realizadas fóra do recinto e do horario escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa.

Clases de condutas contrarias á normas de convivencia no CEP de Riomaioir.

- 1) As condutas contrarias á convivencia no CEP de Riomaioir clasifícanse en condutas leves contrarias á convivencia e condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- 2) Cando os feitos puidesen ser constitutivos de delito ou falta, serán comunicados ao Ministerio Fiscal e á Administración Educativa, sen prexuízo de que se adopten as medidas cautelares oportunas

i. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

(Consultar o capítulo III do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar)

Son condutas leves contrarias ás normas de convivencia as que se opoñan ás establecidas no Centro conforme á normativa vixente e, en todo caso, as seguintes:

- 1) Os actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do Centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- 2) A negligencia sistemática de asistir ao Centro sen o material necesario para o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- 3) A falta de colaboración e esforzo do alumnado na realización das actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo, así como no seguimento das orientacións do profesorado respecto do seu proceso de aprendizaxe.
- 4) As condutas que poidan impedir ou dificultar aos seus compañeiros ou compañeiras o exercicio do dereito ou o cumprimento do deber de estudo.

- 5) As faltas inxustificadas de puntualidade.
- 6) As faltas inxustificadas de asistencia a clase.
- 7) O trato incorrecto e desconsiderado cara aos outros membros da comunidade educativa.
- 8) Causar pequenos danos nas instalacións, recursos materiais ou documentos do Centro, ou nas pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
- 9) O deterioro das condicións de hixiene e saúde do Centro.
- 10) A incitación ou estímulo á comisión dunha falta contraria ás normas de convivencia.
- 11) Calquera outra incorrección que altere o normal desenvolvemento da actividade escolar, que non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia no Centro.
- 12) A non colocación da máscara nos buses escolares.

Medidas educativas de corrección.

As condutas referidas, poderán seren corrixidas coas seguintes medidas:

- 1) Amoestación privada oral ou por escrito.
- 2) Comparecencia inmediata ante a Directora.
- 3) Realización de tarefas dentro e fóra do horario lectivo que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado nas instalacións, recursos materiais ou documentos do Centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa. A realización destas tarefas non se poderá prolongar nun período superior a cinco días.
- 4) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar no Centro as actividades formativas que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo.
- 5) Cambio de grupo ou clase do alumno ou alumna por un período de ata unha semana.
- 6) Excepcionalmente, a suspensión do dereito de asistencia ao Centro por un período máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar as actividades formativas que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo.

Aplicación: órganos competentes.

Serán competentes para decidir as correccións

- a) O/A director/a, ou por delegación del, todos os mestres, oído o alumno ou alumna, as que se establecen nas letras a), b) e c) dando conta ao titor ou titora.
- b) O/A Director/a, ou por delegación del, o/a Titor/a, oído o alumno/a, as que se establecen na letra d).

- c) O/A Director/a, oído o alumno ou alumna mailo Titor/a, as previstas nas letras e) e f).
- d) O/A Director/a do Centro as establecidas nas letras f) e g). O/A Director/a, oído o Titor ou Titora mailo Equipo Directivo, tomará a decisión, motivada, despois de oído o alumno ou alumna mailos seus pais ou titores legais, que serán citados por calquera medio que permita deixar constancia fidedigna de terse recibido a citación, así como da data de recepción, levantando acta de dita comparecencia.

Prescripción das medidas correctoras.

As medidas correctoras impostas por condutas leves contrarias ás normas de convivencia no CEP de Riomaor, prescribirán aos catro meses da súa imposición.

Reclamacións contra as correccións impostas.

As nais/pais ou titores legais dos alumnos e alumnas poderán presentar reclamación no prazo dos dous días lectivos seguintes ao da notificación, contras as correccións previstas nas letras d), e), f) e g), perante o Xefe Territorial da Consellería de Educación de Pontevedra e a súa resolución porá fin á vía administrativa.

ii. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

(Consultar o capítulo IV do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar)

Serán consideradas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro as seguintes:

- a) Os actos graves de indisciplina, aldraxe ou ofensa contra calquera membro da comunidade educativa.
- b) A suplantación da personalidade en actos da vida docente, así como a falsificación ou subtracción de documentos académicos.
- c) A agresión grave física ou moral contra calquera membro da comunidade educativa ou a discriminación grave
- d) As vexacións ou humillacións contra calquera membro da comunidade educativa, particularmente se teñen unha compoñente sexual, racial ou xenófoba, ou se realizan contra alumnos ou alumnas con necesidades educativas específicas ou de novo ingreso.
- e) As ameazas ou coaccións contra calquera membro da comunidade educativa.
- f) O deterioro grave das instalacións, recursos materiais ou documentais do Centro, ou nas pertenzas dos demais membros da comunidade educativa, así como a subtracción das mesmas.

- g) A reiteración nun mesmo curso escolar das condutas contrarias ás normas de convivencia do Centro recollidas no
- h) As condutas contrarias ás normas de convivencia do Centro, se concorresen circunstancias de colectividade ou publicidade intencionada.
- i) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
- j) A incitación ou estímulo á comisión dunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia escolar.
- k) Os atentados á intimidade, a gravación e a difusión por calquera medio de reprodución das restantes condutas merecedoras de corrección.
- l) A introdución no Centro de obxectos ou substancias perigosas ou prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa.
- m) O incumprimento das medidas correctoras impostas.

Medidas educativas de corrección.

Polas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, , poderán adoptarse as seguintes medidas para a súa corrección:

Por un lado poderanse corrixir ben por un procedemento conciliado ou un procedemento común.

No conciliado utilizará o diálogo e o compromiso do alumno, da familia por medio de unha pero a que fará de mediadora. Senón comezará o procedemento común

- a) Realización de tarefas educadoras para o alumno ou alumna, fóra do horario lectivo que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, así como dirixidas a reparar o dano causado nas instalacións, recursos materiais ou documentais do CEP de Riomaior ou nas pertenzas doutros membros da comunidade educativa, por un período superior a cinco e inferior a dezaseis días lectivos.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias/extraescolares do Centro por un período superior a cinco e inferior a trinta días lectivos.
- c) Cambio de grupo por un período superior a cinco e inferior a trinta días lectivos.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco e inferior a dezaseis días lectivos. Durante o tempo que dure esta suspensión, o alumno ou alumna deberá permanecer no Centro realizando as actividades escolares que determine o profesorado responsable das mesmas, co fin de evitar a interrupción do seu proceso educativo. A Dirección organizará a atención a este alumnado.

- e) Suspensión do dereito de asistencia ao Centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno ou alumna deberá realizar as actividades formativas que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo.
- f) Cambio de Centro.

Aplicación: órgano competente.

A Dirección do CEP de Riomaioir é o órgano competente para resolver os conflitos e impoñer as correccións educativas previstas no artigo 116 deste Regulamento, do que dará traslado ao Consello Escolar.

- a) Cando se impoña a medida para a corrección prevista na letra e) do artigo anterior, o Director ou Directora poderá levantar a suspensión do seu dereito de asistencia ao Centro antes do esgotamento do prazo previsto na corrección, previa constatación de que se tivo producido un cambio positivo na actitude do alumno ou alumna, e desta situación será informado o Consello Escolar.
- b) Así mesmo, cando se impoña a medida para a corrección á que se refire a letra f) do artigo 116, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria garantirá un posto escolar noutro centro docente.

Reclamacións contra as correccións impostas.

Os pais/nais ou titores legais do alumnado, poderán presentar, no prazo de dous días lectivos contados a partir do seguinte a aquel no que se teña coñecemento das mesmas, reclamación contra as correccións educativas perante quen as impuxo.

No caso de que a reclamación fose estimada, a corrección educativa non constará no expediente académico do alumno ou alumna.

O prazo de resolución da reclamación será de tres días lectivos e no transcurso do mesmo sen que se teña ditada e notificada a resolución expresa, lexitima á persoa reclamante para entendela desestimada por silencio administrativo.

Prescripción das medidas correctoras por condutas graves.

As medidas correctoras impostas por condutas gravemente prexudiciais ás normas de convivencia no CEP de Riomaioir, prescribirán ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.

Procedemento específico e garantías para a imposición das medidas educativas para a corrección.

1) Comezo

- a) No suposto de que se apreciase a existencia de indicios racionais para a imposición da medida para a corrección do cambio de centro, o Director ou Directora do CEP de Riomaioir acordará a iniciación do procedemento no prazo de dous días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta e designará un profesor ou unha profesora como instrutor ou instrutora. Con carácter previo, poderá acordar a apertura dun período de información, a fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciaren o procedemento.
- b) O Director ou Directora do Centro notificará a incoación do procedemento e o nomeamento de instrutor ou instrutora ao alumno ou alumna e aos seus pais ou titores legais.
- c) A Dirección comunicará á Inspección de Pontevedra o comezo do procedemento e a manterá informada da tramitación do mesmo ata a súa resolución.

2) Instrución

- a) O instrutor ou a instrutora, desde o momento no que se lle notifique o seu nomeamento iniciará as actuacións conducentes ao esclarecemento dos feitos, entre elas a toma de declaracións ás persoas que poidan achegar datos de interese ao expediente. Poderá propoñer ao Director ou Directora medidas cautelares así como o seu levantamento ou modificación.
- b) O instrutor ou a instrutora notificará de xeito fidedigno ao alumno ou alumna, así como aos seus pais ou titores legais o prego de cargos no que exporá con claridade as condutas que se lle imputan, así como as medidas para a corrección que poderían impoñerse. O prazo de elaboración e remisión do prego de cargos será de dous días lectivos desde a notificación do nomeamento.
- c) No prazo de dous días lectivos contados a partir do seguinte a aquel no que teña coñecemento do mesmo, o alumno ou a alumna e seus pais ou titores legais, poderán formular as alegacións que estimen oportunas.
- d) Concluída a instrución do procedemento, o instrutor ou instrutora formulará a proposta de resolución que conterá os feitos ou condutas que se lle imputen ao alumno ou alumna, as circunstancias atenuantes e agravantes e, no seu caso, a cualificación dos mesmos e a medida correctora que se propón.
- e) Acompañado do titor ou titora, o instrutor ou instrutora citará de forma fidedigna ao alumno ou alumna maillos seus pais ou titores legais, daralles audiencia e lles notificará a proposta de resolución.
- f) O alumno ou alumna maillos seus pais ou titores legais poderán formular as alegacións que estimen oportunas no prazo de dous días lectivos contados a partir do seguinte a aquel no que teñan coñecemento da resolución.

3) Recusación do/a instrutor/a:

Os pais ou titores legais do alumno ou alumna poderán recusar ao instrutor ou instrutora. A recusación deberá formularse por escrito dirixido ao director ou directora do Centro, que deberá resolver e ante que o recusado ou recusada realizará as súas manifestacións ao respecto, sendo de aplicación as causas e os trámites previstos no artigo 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común no que proceda.

4) Medidas provisionais.

Excepcionalmente, e para garantir o normal desenvolvemento da convivencia no Centro, ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, o director ou a directora, por propia iniciativa ou a proposta do instrutor ou instrutora, poderá adoptar como medida provisional a suspensión do dereito de asistencia ao Centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes.

Durante o tempo que dure a aplicación desta medida provisional, o alumno ou alumna deberá realizar as actividades que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo.

5) Resolución

- a) Á vista da proposta do instrutor ou instrutora, o director ou directora ditará resolución motivada poñendo fin ao procedemento no prazo de quince días naturais contados desde o seu comezo. Este prazo poderá ampliarse no suposto que existisen causas que o xustificasen.
- b) A resolución da dirección contemplará, polo menos, os seguintes extremos.
 - i) Feitos probados.
 - ii) Circunstancias atenuantes e agravantes, no seu caso.
 - iii) Medida correctora que se impón, no seu caso.
 - iv) Data de efectos da medida correctora, no seu caso.
- c) O Director ou Directora comunicará á Dirección Xeral de Educación e Innovación Educativa así como ao Servizo Provincial de Inspección Educativa de Pontevedra a resolución adoptada.

6) Recursos e reclamacións

Contra a resolución ditada polo director ou directora do CEP de Riomaior poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, ante o/a Xefe/a Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de conformidade co establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A resolución do mesmo, que porá fin á vía administrativa, deberá ditarse e notificarse no prazo máximo de tres meses. Transcorrido o devandito prazo sen que recaia resolución, poderá entenderse como desestimado o recurso.

iii. Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado).

A dirección do centro educativo encomendará a instrución dos procedementos correctores ao profesorado designado para tal fin.

Os criterios serán :

- Coñecedor do centro
- Imparcial
- Dialogante
- Facilitador
- Comprometido
- Gardar confidencialidade
- Experiencia en resolución en conflitos

5. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

- a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
- b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
- c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.
- d) Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

iv. Gradación das medidas correctoras (art.34)

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 deste decreto tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.

- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade

v. Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2ª)

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.
2. De acordo co establecido no **artigo 49.2** do decreto, o procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:
 - a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
 - b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.
3. O **artigo 49.3** establece que o procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:
 - a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
 - b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
 - c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
 - d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.
4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

Segundo o establecido no **artigo 50.1** do decreto:

Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo

procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

Seguindo o estipulado no **artigo 50** :

Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro na propia acta da reunión.

O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común, de acordo co **artigo 50** do decreto.

Artigo 51. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado.

No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora, na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as recollidas no **artigo 51.3** do decreto:

- a) Contribuír ao proceso de conciliación.
- b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento
- c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

vi. Prescrición de condutas e de correccións (art. 56).

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

3.7. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro. (composición, funcións e periodicidade das reunións).

O Plan de Convivencia, parte do Proxecto Educativo do Centro:

No PEC queda definido o que entendemos por convivencia e cara a onde queremos avanzar nela, a través de formulacións globais e metas que sirvan de referente a todo o que se faga no CEP de Riomaior. Este proceso, que leva aparellado o de revisión continua, concrétese no Plan de Convivencia, non só o momento no que se fará, senón, e sobre todo, como se promove e canaliza a participación de todos os

sectores, a súa dinamización, así como as estratexias e instrumentos para levalo adiante.

O Plan de Convivencia, orixe do Regulamento de Organización e Funcionamento

O Regulamento de Organización e Funcionamento, como documento que establece a forma democrática de organización do CEP de Riomaior tomando como base os dereitos e as obrigas que lle corresponden a cada integrante da comunidade educativa, fai explícitas as actuacións nos elementos seguintes:

- No dos principios educativos (dereitos e deberes do alumnado, do profesorado, finalidades educativas...).
- Nas condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.
- Na estrutura pedagóxica do Centro.
- No da participación das familias (procedementos de implicación e participación, ...).

O Plan de Convivencia, parte do Plan Xeral Anual

Realizar un diagnóstico anual da convivencia, recoller non só os problemas e dificultades máis significativas e frecuentes, senón as expectativas e necesidades de todas e todos, será o punto de partida para definir os obxectivos para cada curso. A partir de aí, un proceso continuo de reflexión sobre a convivencia na que se planifique, implemente e avalíe quedará recollido no Plan Xeral Anual e na Memoria final.

O Plan de Convivencia e o Plan de Acción Titorial:

Desde unha perspectiva sistémica e dentro dos principios construtivistas da aprendizaxe, o labor docente debe realizarse desde unha acción titorial permanente. En consecuencia, no PAT, fanse explícitas actuacións impulsoras dos valores democráticos de convivencia, de cultura de negociación e diálogo e de cultura de paz.

A metade do curso 2015/16 puxemos en práctica a xeito de experimento a elección de delegados por aula e un asesor de convivencia que fai as veces de mediador por cada titoría. O resultado foi excelente polo que no curso 2016/17 se implantou de xeito definitivo. O delegado realizarán reunións dentro das aulas para pacer suxestións ou queixas que trasladarán a xunta que se reúne mensualmente constituída polos representantes de cada aulas e a xefatura de estudos. A figura do mediador intervén cando xurde o conflito.

O Plan de Convivencia e o Plan de Atención á Diversidade

Desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para a comunidade educativa e no marco dos principios de normalización e inclusión, no Plan de Atención á Diversidade concrétese a resposta educativa a esa diversidade en propostas curriculares e organizativas que contribúan á convivencia e participación, de forma autónoma, do noso alumnado nunha sociedade democrática.

Normas específicas da comisión da convivencia

Trátase dun órgano que se crea para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia do Centro, propoñer e, de ser o caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima da convivencia no CEP de Riomaior.

A comisión de convivencia constitúese no seo do consello escolar. Terá carácter consultivo, e na súa composición integra o principio de igualdade entre homes e mulleres

Composición

- A Directora, que será o seu presidente.
- A Xefa do Departamento de Orientación.
- 1representante das nais e pais.
- 1representante do Profesorado.

Competencias

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Periodicidade das reunións

Celebrará tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre e, con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocado pola presidencia, a instancia propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Información das decisións

As conclusións e acordos tomados logo de cada reunión poderá ser coñecida por todos os sectores da Comunidade Educativa a través dos comunicados que aquela realice, dos que unha copia se colocará no taboleiro de anuncios do Centro.

As decisións que correspondan diante de actuacións por temas disciplinarios serán comunicadas ao titor/a, familia e Claustro de Profesores.

De forma preceptiva, o Consello Escolar, nas súas reunións periódicas, recibirá toda a información que a comisión de convivencia xere.

Coherencia na aplicación das normas

A comisión de convivencia garantirá que as normas de convivencia se apliquen de forma coherente por todos, e cunha finalidade esencialmente educativa.

Aula da convivencia inclusiva.

Como xa dixemos antes, procuramos tratar os conflitos a nivel particular no despacho da orientadora ou da xefa de estudos pero temos un espazo próximo ó Departamento de Orientación no que levaríamos a cabo as actividades indicadas de xeito que se convertería no laboratorio da convivencia. Alí levaranse a cabo Programas de habilidades sociais propostos pola orientadora.

3.8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

4.

PROPOSTAS	AXENTES	TEMPOR.
Entrevista coas nais/pais no momento da reserva de	Equipo Directivo e	No período de

praza (díptico coa información xeral do Centro).	Orientación.	matriculación.
Plan de Acollida ao alumnado no CEP de Riomaior.	Equipo Directivo. Orientadora e titores/as	Comezo do curso.
Entrevista inicial coa familia. Elaboración dun documento para a recollida de información familiar e da avaliación inicial.	Titores. Departamento de Orientación.	Ao comezo do curso.
Revisión do documento de información ás familias: obxectivos previstos, normas de funcionamento do Centro, pautas de conduta e valores, hábitos de hixiene e alimentación, material, xustificación de faltas, horarios do persoal docente e non docente, servizos complementarios, etc.	Titores e Departamento de Orientación	Previsión en xuño e posta en común no comezo do curso.
Propostas de colaboración familiar: achegas de material, libro viaxeiro, colaboración nas conmemoracións, contacontos por membros da familia, xornadas de portas abertas, visitas culturais, asistencia a conferencias-charlas de asesores, etc.	Equipo Directivo. Departamento de Orientación. Titores.	No decorrer do curso.
Proporcionar información aos pais sobre temas educativos de interese que lles afectan: acoso escolar, educación en valores, normas e límites, recursos de expresión oral, fomento da lectura, condutas disruptivas, hábitos de hixiene e saúde, TIC, hábitos de estudo, estilo educativo, etc.	Equipo Directivo. Profesores e Departamento de Orientación.	Ao comezo do curso pedir opinión para establecer prioridades e temas.
Ofrecer o Centro ás familias.	Equipo Directivo. Orientación. Profesorado.	Estudar posibilidades.
Ofrecer recursos educativos ás nais/pais: xoguetes, libros recomendados, recursos web, ...	Equipo Directivo. Orientación. Profesorado.	Todo o curso.
Informar das asociacións que colaboran a nivel educativo e asistencial: centros de saúde, asociacións culturais, entidades colaboradoras a nivel educativo e social, centros cívicos, bibliotecas, servizos sociais...	Equipo Directivo. Departamento de Orientación.	Ao comezo do curso.
Sensibilizar ás familias sobre a importancia da colaboración co profesorado na educación dos fillos tendo como base a colaboración e o respecto mutuo: nas reunións grupais e individuais.	Profesorado. Orientación.	No primeiro trimestre e ao longo do curso.
Axudar na planificación e traballo da ANPA: apoiar con	Equipo Directivo.	No decorrer do

<p>espazos, materiais, recursos, asesoramento, colaboración, etc.</p> <p>Favorecer a inclusión dos nenos e nenas con necesidades educativas específicas no comedor escolar e nas actividades extraescolares.</p>	<p>Departamento de Orientación. Profesorado.</p>	<p>curso.</p>
<p>Mellorar as actividades da Acción Titorial. Revisar e elaborar modelo de entrevista cos pais.</p>	<p>Profesorado. Orientación.</p>	<p>Ao comezo de cada curso.</p>
<p>Incluír nas programacións ordinarias os valores que se van a traballar durante o curso. Información aos pais nun documento e nas reunións.</p>	<p>Equipo Directivo. Departamento de Orientación. Profesorado.</p>	<p>Ao comezo do curso.</p>
<p>Abrir novas vías de comunicación Nais/Pais-Centro: cuestionarios pechados, abertos, sitio web do Centro, correo electrónico do Centro, caixa de correo para suxestións, blogues, etc.</p>	<p>Profesorado TIC. Departamento de Orientación. O resto do profesorado.</p>	<p>Ao longo do curso.</p>
<p>Colaboración coas familias de alumnos emigrantes.</p>	<p>Familias.</p>	<p>Actividades puntuais.</p>
<p>Colaboración con el CRA de Vilaboa para a avaliación inicial e preparación da transición ao colexio Riomaior</p> <p>Colaboración no desenrolo de distintas actividades ao longo do curso.</p>	<p>Departamento de orientación O profesorado de primeiro Equipo directivo</p>	<p>Inicio e fin do curso</p>
<p>Colaboración co CEIP do Toural para levar a cabo a transición dos nenos de 6º á ESO</p> <p>Intercambiar actividades</p>	<p>Todo o profesorado Departamento de orientación Equipo directivo</p>	<p>Durante todo o curso Durante todo o curso</p>
<p>Manter reunións de carácter periódico co concello e o concellal de educación</p>	<p>Equipo directivo</p>	<p>Unha reunión mensual</p>
<p>Asociacións culturais para levar a cabo actividades tanto dentro do colexio coma no entorno</p>	<p>Equipo directivo Claustro en xeral</p>	<p>Reunións puntuais</p>

3.9 Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

Os mecanismos que se utilizarán para dar a coñecer e difundir os contidos deste Plan de Convivencia entre os distintos sectores da comunidade educativa serán os seguintes:

- Web do Centro (<http://www.edu.xunta.es/centros/cepriomaor>).
- Circulares informativas a profesorado, alumnado e familias sobre aspectos do Plan de Convivencia.
- Tríptico sobre maltrato entre iguais.
- Charlas titoriais con nais, pais e alumnos sobre as normas de convivencia en vigor.
- Difusión de protocolos de actuación en supostos de acoso escolar e nos de agresións ao profesorado ou persoal non docente.
- Explicación nas reunións de inicio de curso dos pais da existencia deste plan
- Explicación aso alumnos do contido do plan ao inicio de curso.

3.10 Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia.

O seguimento e avaliación do Plan de Convivencia será responsabilidade da Comisión de Convivencia que terá establecido un plan de reunións nas que se estudará a evolución da convivencia no Centro.

O Equipo Directivo elaborará, ao remate de cada curso escolar, unha MEMORIA do Plan de Convivencia que, trala súa aprobación polo Consello Escolar, se incorporará á Memoria final do curso. Nela estarán incluídas as propostas de mellora que o Observatorio de Convivencia, o Claustro de Profesores maila Asociación de Nais/Pais consideren pertinentes.

Ao comezo de cada curso escolar, o Centro revisará o Plan de Convivencia co obxecto de analizaren a evolución do estado da convivencia no Centro e incorporaren ao mesmo as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior. Este documento de revisión anual deberá seren aprobado polo Consello Escolar e recollido no Plan Xeral Anual.

A avaliación do Plan de Convivencia debe realizarse durante toda a aplicación do Plan:

- Inmediatamente despois da realización de cada actividade.
- De forma máis xeral, unha vez ao trimestre a través do Observatorio da Convivencia.
- De forma global, ao remate do curso escolar, na memoria final de curso, onde se recollerán :
 - Nivel de consecución dos obxectivos propostos.
 - Actividades realizadas.
 - Grao de participación dos membros da comunidade educativa.
 - Conclusións.
 - Propostas de mellora para o seguinte curso escolar.
 - Prevención de conflitos e promoción da inclusión e adaptación do alumnado



- Valoración global dos resultados e propostas de continuidade e de mellora.

En Riomaior, 7 de outubro de 2023

ANEXOS



Modelos para traballar na aula de convivencia ou titorías

ANEXO 1: RECCOLLIDA DE VERSIÓNS.

Apelidos:	Nome:
Hora:	
Data:	Grupo:
A MIÑA INTERPRETACIÓN DOS FEITOS É:	

Asdo:

ANEXO 2: RESUMEN DE CONFLICTOS



DATA DO CONFLITO	ALUMNO	RESUMO DO CONFLICTO.

Asdo:

VERDADE	OBSERVACIÓN DO PROFESORADO	FALSO
	1. O seu rendemento académico é expresamente inferior ao acostumado	
	2. O alumno/a buscar estar preto de profesores no recreo.	
	3. Cando se lle pregunta en clase, o gran grupo mófase del/dela.	
	4. O grupo aplaude cando o profesor lle recrimina atención, estudo, ...	
	5. Amósase nervioso/a-ansioso/a.	
	6. Amosa sumisión cara a determinado compañeiros/as.	
	7. O líder da súa aula non é brillante senón torpe e abusón.	
	8. O grupo realiza "unhappiness" (illamento dalgún compañeiro/a).	
	9. Se o profesor chama a atención ao grupo, non obtén resultados.	
	10. Trátase de algo diferente a UNHA PELEXA ENTRE IGUAIS.	



	11. Trátase de algo diferentes a condutas DISRUPTIVAS na aula.	
	12. Este alumno/a está sufrindo, na aula, por enriba do habitual.	

SUMA DE POSITIVOS

PARTE DE INCIDENCIAS

(Condutas contrarias ás normas xerais de convivencia)

Profesor/a:

.....

..... *Grupo:*.....



ALUMNO/A	NIVEL	DATA	INCIDENCIA

COMPROMISO DE CONVIVENCIA

D/D^a, nai/pai ou
 titor/a legal do alumno/a,
 matriculado neste Centro no curso escolar 20 -20 , no nivel ...e D/D^a
, en calidade
 de titor/a do dito alumno/a, comprométense a:

COMPROMISOS QUE ADQUIRE A FAMILIA:

- Favorecer e controlar a asistencia diaria e puntual do alumno ao Centro.
- Asistencia ao Centro cos materiais necesarios para o desenvolvemento das clases.
- Colaboración para a realización das tarefas propostas polos mestres.
- Colaboración co Centro para a modificación da conduta do alumno, se é o caso, e seguimento dos cambios que se produzan.
- Entrevista mensual co titor do alumno.
- Colaboración para mellorar a percepción, por parte do alumno, do Centro e do seu profesorado.
- Revisión diaria da axenda escolar.

COMPROMISOS QUE ADQUIRE O CENTRO:

- Control diario e información á familia sobre as ausencias do alumno.
- Seguimento dos cambios que se produzan na súa actitude e información á familia.
- Dar información clara e suficiente sobre o funcionamento do centro e das actividades que nel se realizan.
- Aplicación de medidas preventivas para mellorar a súa actitude, se é o caso.
- Entrevista entre o profesorado titor e a nai/pai ou titor/a legal coa periodicidade establecida.

En Riomaior (Vilaboa, a _____ de _____ de 20__)

O/A Titor/a

A Nai/Pai ou Titor/a legal

Asdo:

Asdo:

Vº e praxe

A Directora

Asdo:

MOSTRAS DE TRÍPTICOS

QUE É O PUNTO LARANXA?

É un punto físico, ben identificado, que funciona como unha caixa de correo a través da cal o noso alumnado poderá comunicar ou denunciar, desde unha posición totalmente anónima, posibles situacións de acoso ou ciberacoso que sufran ou que perciban en terceiros.

Se o estás a sufrir ou coñeces algún posible caso de acoso ou ciberacoso, axúdanos a paralo!
PUNTO LARANXA CONTRA O ACOSO

Contamos no centro cun **PUNTO LARANXA** contra o acoso e o ciberacoso escolar, tanto físico como virtual.

AXÚDANOS A ROMPER CO ACOSO E O CIBERACOSO ESCOLAR

ENTENDENDO O ACOSO ESCOLAR

**NON CALES,
ESCOITÁMOSTE!**

AXÚDANOS A LOGRAR UN CAMBIO ENTRE TODAS E TODOS

QUE É O ACOSO ESCOLAR?

Calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro ou outra ou outras, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

ACTORES

- A VÍTIMA:** É a persoa ofendida ou agredida. Acostuma a ser insegura, débil, introvertida, tímida e inmatura para a súa idade, con certas dificultades para facer amigos, ...
- O AGRESOR:** O/A agresor/a é a persoa que maltrata a un ou a varios compañeiros/as. Pode que maltrate por ser inconsciente do dano que fai ou por divertirse pero, normalmente, é unha persoa insegura e que fanfurríña ou arremete para sentirse mellor con el/ela mesmo/a.

... E SE É O/ MALTRATADOR/A?

Algúns indicios de que o noso fillo/a pode maltratar a outros:

- Mostra condutas agresivas e violentas cara membros da familia e amigos.
- É excesivamente reservado, case inaccesible, no trato persoal.
- Ten obxectos diversos que non son seus.
- Con frecuencia conta mentiras para xustificar a súa conduta.
- Parece non ter sentido de culpa cando fai dano.
- Outros pais nos contaron que o noso fillo/a agrede a outros nenos/as.

CRITERIOS PARA IDENTIFICALO

- A existencia de intención de facer dano.** Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.
- A repetición das condutas agresivas.** Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente, preséntanse reiteradamente no tempo.
- A duración no tempo.** Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou as persoas agresoras.

TIPOS DE ACOSO

Exclusión e marxinação social (non deixar participar, ignorar...)

Agresión verbal (insultar, poñer alcumes ofensivos..., falar mal de alguén ás súas costas...)

Agresión física (pegar, agachar cousas, romper cousas, roubar cousas...)

Maltrato (ameazar para meter medo, ameazar con armas, obrigal a facer algo con ameazas (chantaxe, acoso sexual físico e verbal)...

OS OBSERVADORES OU PÚBLICO:

Son compañeiros/as que coñecen as agresións, contéplanas, pero non fan nada ao respecto, permitindo que se sigan dando.

COMO SABER SE O MEU FILLO/A É VÍTIMA DE MALTRATO?

Estes serían algúns síntomas a ter en conta:

- Cambios no estado de ánimo: parece triste, estraño e fuxidizo, nervioso, asustadizo, distraído, esquecedizo, ...
- Presenta moutarotas, feridas, ...
- Rexeita ir á escola, simulando enfermidades ou expoñendo outras razóns varias.
- Falta á escola e da explicacións pouco convincentes.
- Non ten amigos/as para o seu tempo de ocio.

COMO COMBATILO?

SE ESTÁS A SUFRIR OU COÑECES ALGÚN POSIBLE CASO DE ACOSO OU CIBERACOSO, AXÚDANOS A PARALO!

- Escribe de maneira anónima a túa mensaxe nun lugar onde te sintas seguro.
- Localiza o Punto Laranxa no noso centro.
- Deposita na caixa do Punto Laranxa a túa mensaxe (esta caixa só pode ser aberta polo equipo docente encargado de loitar contra o acoso escolar).

LEMBRA QUE TAMÉN PODES ACHEGAR A TÚA MENSAXE A TRÁVÉS DO PUNTO LARANXA VIRTUAL NA PÁXINA WEB DO NOSO CENTRO.

PROPOSTA ACTIVIDADES PROMOCION CONVIVENCIA E HABILIDADES SOCIAIS EN PRIMARIA (Adaptado de PAHS de Monjas Casares, 2009)

I.- COMUNICACIÓN INTERPERSOAL	OBXECTIVOS
1.- Comunicación verbal e non verbal	Reflexionar sobre a comunicación interpersoal e analizar algún dos elementos que interveñen nela. Tomar conciencia da importancia da comunicación non verbal nas relación interpersoais. Utilizar a comunicación verbal e non verbal cando nos comunicamos con outras persoas.
2.- Expresar e escoitar activamente	Practicar activamente aspectos da comunicación: respectar a quenda de palabra, escoita activa, respostas as preguntas, expresións correctas de opinión e desexos...
II.-ASERTIVIDADE	
3.- Relación asertiva	Axudar as nenas e nenos a identificar os 3 estilos de relación interpersoal e a actuar de maneira asertiva.
4.- Deberes e dereitos asertivos	Recoñecer deberes e dereitos asertivos e actuar conforme a ambos.
III.- EMOCIÓN	
5.- Emocións positivas	Diferenciar entre emocións positivas e negativas básicas. Aprender condutas verbais en non verbais para recoñecer e emitir emocións positivas. Potenciar no alumnado emocións positivas básicas: alegría, cariño, diversión. Recoñecer as emocións positivas dos demais.
6.- Emocións negativas	Diferenciar e etiquetar distintas emocións negativas. Identificar e expresar axeitadamente as propias emocións negativas. Recoñecer as emocións negativas dos demais.
IV.- INTERACCIÓN SOCIAIS POSITIVAS	
7.- Pensar e dicir o positivo	Acostumar ao alumnado a que se digan cousas positivas entre eles. Facer cumpridos e eloxios aos seus compañeiros/as. Agradecer as cousas positivas que lles digan os demais.
8.- Axuda, apoio e cooperación	Pedir axuda cando se atopen nunha situación conflictiva e non poidan resolvela sos/soas. Ofrecer axuda, apoio e consolo a outr@s compañeir@s dentro e fora da aula.
V.- INTERACCIÓN SOCIAIS DIFÍCIS	
9.- Críticas, queixas e reclamacións	Expresar críticas e queixas cando algo ou alguén te molesta. Recibir críticas e afrontar as consecuencias dos nosos actos. Responder cando nos fan una crítica inxusta.
10.- Burlas, agresións e intimidacións	Responder as burlas , humillacións e despezos. Defenderse/ou pedir axuda no caso de presións,

	<p>intimidacións e acoso. Aprender a recoñecer, evitar e afrontar as situacións de maltrato e/ou abuso por parte de iguais. Deixar de burlarse, agredir ou intimidar a outr@s compañeir@s.</p>
--	--

1.- Comunicación verbal e non verbal

Para comunicarse con outras persoas é axeitado :

1. Poñerse preto da outra persoa.
2. Mirar á outra persoa (máis cando se escoita que cando se fala, contacto ocular)
3. Transmitir un mensaxe verbal claro, concreto e específico.
4. Utilizar un ton de voz axeitado , nin moi alto nin moi baixo.
5. Utilizar una comunicación no—verbal axeitada ao mensaxe verbal (xestos, movementos...)

O profesor/a modela condutas non verbais moi sinxelas referidas a: ton, ritmo, expresión facial e mirada, xestos de cabeza, espazo persoal (preto-lonxe).

- Facer un mural con recortes de revistas con persoas conversando onde se aprecie a expresión facial, distintos xestos, distancias entre interlocutores, etc.
- Dramatizacións de distintas situacións, exemplo, pedir a un compañeiro que te preste un material que non levas, explicar ao profesor un suceso determinado....
- Fichas sobre aspectos que facilitan ou dificultan a comunicación (empatía, escoita activa, ...ou interrupcións, gritos, comentarios desagradables,...)
- Libros: La temible niñasauro (Bottner, Bárbara/Smith. J) S.M.)
 Willy el tímido (Browne, A) Fondo de cultura económica.
 El niño que siempre decía si (Andrew, M) Anaya

2.- Expresar y escoitar activamente

Respectar a quenda de palabra, escoita activa, resposta a preguntas, expresión correcta de opinión e desexos...

1. Disposición psicolóxica: “Só estamos para escoitar ao interlocutor”
 2. Observar ao interlocutor: Escoita o que di. Observa os seus xestos e movementos, expresión.
 3. Comunicación non-verbal (asumir una postura activa, manter contacto visual, expresión facial de atención, xestos de atención, ton e postura axeitados)
 4. Comunicación verbal (Mostrar incentivos verbais ao que fala , “xa vexo”, ...Parafrasear ou resumir “entendo polo que dis que...”, facer preguntas solicitando aclaracións.
 5. Evitar: Interromper ao interlocutor. Xulgar e criticar á persoa con quen falamos. Ofrecer axudas ou solución prematuras, rexeitar o que sinte a outra persoa “ non te preocupes” “iso non é nada”, contar a túa historia mentres a outra persoa necesita falarte, contraargumentar, “síndrome del experto” (xa sabía eu...)
- Facer debates con temas previamente preparados.
 - Analizar conversacións e faladoiros de radio ou televisión razoando si se manteñen ou non axeitadamente as conversacións e por qué.
 - Libros: Caos en el súper (Menéndez, Elvira y Álvarez, José M^a) Bruño.
Caos en la boda ((Menéndez, Elvira y Álvarez, José M^a) Bruño.
¿Seguiremos siendo amigos?(Dazinguer, P) Alfaguara

3.- Relación asertiva

Identificar os tres estilos :

1. Agresivo: relación de loita. Defende os seus dereitos por riba dos demais. Autoritaria, dominante, prepotente, e manipulador, agresión física , verbal, xestual e/ou psicolóxica. Desagradable cos demais.
2. Asertivo: relación amigable, de intercambio persoal nunha situación de igualdade entre os/as que interveñen. Defende os seus dereitos á vez que respecta aos demais ; utiliza o diálogo, a expresión emocional e a solución pacífica de conflitos. Valórase a si mesmo e fai que os demais o valoren, respecten e teñan en conta.
3. Inhibido: relación de fuxida. Non defende os seus dereitos e os demais apróveitanse; non se respecta nin se fai respectar, É pasiva, conformista e submisa.

Para dicir **NON**:

- Asegurarse e decidir que non queres e non debes facer o que te piden
- Buscar o momento e lugar axeitados
- Utilizar expresión verbal correcta (directa, breve e clara, xustificar o dar una razón a túa negativa si o crees oportuno. Ex.:” Síntoo, agora non podo” “ Síntoo, ten que ser mais tarde”, “Non, resúltame imposible”, “ Non, agora non me apetece” “”Gustaríame moitísimo, pero neste momento teño que...”
- Utilizar expresión non verbal e linguaxe corporal asertivo (ton de voz firme e seguro, expresión corporal tranquila, contacto ocular, etc.)
- Suxerir outra cosa para facer, dar una alternativa.
- Agradecer á outra persoa terche escoitado e/ou telo comprendido e aceptado.
- Abandonar o lugar en caso de que te sigan premendo.

Para **recibir e responder a una negativa** que nos fai outra persoa hai que:

- escoitar con atención e interese o que di a outra persoa ao negarse a túa demanda.
- Poñerse no lugar da outra persoa e comprender o que di e o seu punto de vista.
- Controlar o enfado e a sensación desagradable.
- Actuar en consecuencia ao que nos diga a outra persoa : abandonar o tema, pedir mais aclaracións, ou seguir insistindo , si se ve necesario.
- Facer dramatizacións de diferentes situación representando os tres estilos: agresivo, asertivo e inhibido.
- Libros: La tortuga y la liebre

Ámbar en cuarto y sin su Amigo (Dazinger) Alfaguara
No sé nadar y qué (Nesquens, D) La Galera.

4.- Deberes e dereitos asertivos

O concepto de respecto persoal alude á necesidade de que na convivencia se esixa ser respectado, ser ben tratado polos demais, pero tamén que se aprenda a respectar e tratar ben as demais persoas e a ter os seus dereitos en conta. Por tanto no estilo asertivo hai que considerar una tripla vertente:

- a) Autorrecoñecemento dos dereitos. Respecto cara un mesmo.
- b) Defensa e reivindicación dos propios dereitos; facer que os demais nos respecten.
- c) Respectalos nos demais.

Para **defender os propios dereitos**:

1. Coñecer e ser consciente dos teus dereitos.
2. Decatarse de cando non están respectando os teus dereitos.
3. Comunicar a o/os outro/os que non está/n respectando os teus dereitos. Hai que pedir que cambie a conduta, expresar una queixa, etc. Buscando o momento e lugar axeitados, a expresión verbal correcta, e con expresión non verbal e linguaxe corporal asertivo (ton de voz firme e tranquilo, contacto ocular, distancia próxima...)
4. Pedir cambio de conduta; facer suxestións para que actúen respectando os teus dereitos.
5. Agradecer á outra persoa a escoita.

Cando a outra persoa defende os seus dereitos ante ti :

1. escoitar con interese e atención o que di .
2. Poñerse no seu lugar.
3. Controlar a sensación desagradable que nos produza escoitar o que nos diga.
4. Actuar en consecuencia: ceder e desculparse, negarse e opoñerse, xustificar e razoar nosa postura.

Para respectar os dereitos de outra persoa:

1. Recoñecer os dereitos de todas as persoas sen excepción.
2. Poñerse no lugar da outra persoa.
3. Decatarse de que non estás respectando os seus dereitos.
4. Actuar en consecuencia: Pedir desculpas, modificar a túa conduta, rectificar o dito...

Para defender as propias opinións:

1. Facerse atender polas outras persoas.
2. Expoñer o que pensas sobre o tema con mensaxes claros, breves, tono firme pero cordial, amigable, agradable, sen atopellos...
3. Defender as túas opinións si son ignoradas o criticadas: repite a mensaxe tratando de sintetizar, engade información, matizando linguaxe corporal, etc..

Cando non se está de acordo coa opinión de outra persoa:

1. escoitar correctamente as ideas da outra persoa.
2. Disentir coas opinións. Expresar o desacordo de modo cordial sen enfadarse.
- Realizar un mural con dereitos deberes persoais asertivos (Castanye, r 1996) (Smith, 1988).
- Libros: Ni un besito a la fuerza (Mebes) Instituto de la mujer
La princesa peleona (Wadell, M) SM
Estoy gordito ¿y qué? (Calleja y Michelena) La Galera

5.- Emocións positivas

Para **expresar** as propias emocións positivas :

1. Recoñecela e nomeala. Que me pasa? Estou alegre, encantado, namorado, feliz, cariñoso....
2. Amosar atención as sensacións corporais que a acompañan: enerxía, calor, cóxegas, gañas de saltar, respiración axitada....
3. Atención aos pensamentos: Que me digo a min mesmo? Que penso?
4. Descubrir e identificar razón, causas e antecedentes da emoción positiva: Por que me sinto así? Que sucedeu antes? Que fixen? Que dixen ou dixo outra persoa?
5. Expresar esa emoción positiva.
6. Buscar modos para manter esa emoción positiva .

Para recoñecer e responder a emocións positivas de outras persoas:

1. Observa o que fai . A súa expresión corporal.
2. escoitar o que di: escoita activa.
3. Poñerse no seu lugar.
4. Axudarlle a que manteña esa emoción ou sentimento positivo.
 - Dramatizacións nas que se practique a expresión e recoñecemento de emocións (alegría , orgullo, satisfacción,, ilusión,...)
 - A partir de fotos de persoas mostrando distintos estados emocionais, crear historias e escenificalas.
 - Libros: Historia de un erizo (Balzola, A.) Susaeta
El Patito Feo (Andersen, Hans C)
¡Estás despedida! (Flynn; Rachel) SM

6.- Emocións negativas

Para **expresar** as propias emocións negativas:

1. Decatarse e nomear a emoción negativa. Que me pasa? Estou triste, enfadado, furiosa, nervioso, cortada,...
2. Controlar o estado emocional con algunha estratexia. Contar ata dez, facer respiracións profundas, falarse en ton tranquilizador...
3. Atender as sensacións corporais que acompañan á emoción negativa Rubor desgana , inquietude motora, suores, palpitacións,
4. Atención aos pensamentos que acompañan á emoción. Que me digo a min mesmo? Que penso?
5. Descubrir e identificar as razón, as causas e antecedentes da emoción negativa. Por que me sinto así? Que aconteceu antes? Que fixen? Que dixen? ...
6. Expresar esa emoción negativa supón: Buscar o momento e lugar axeitado; expresión verbal axeitada usando mensaxes “eu”; linguaxe corporal oportuno.
7. Buscar o xeito de reducir e/ou eliminar a emoción negativa.

Para **recoñecer** as emocións negativas de outras persoas:

1. Observar o que fai. Ollo á expresión corporal!
2. escoitar o que di. escoita activa!
3. Poñerse no seu lugar para entender o mal que se sinte.
4. Axudala a que reduza e/ou elimine esa emoción ou sentimento negativo.
 - Dramatizar situación de ensaio e recoñecemento de emocións negativas (enfado, humillación, tristeza, rexeitamento,...)Pódese recoller ideas preguntando ou escribindo cada quen 3 cousas polas que te sintas triste, enfadada, ou asustado.
 - Por parellas representar corporalmente una emoción ou sentimento negativo e adiviñar de cal se trata.
 - Realizar caretas que expresen diferentes emocións.
 - Receitas en grupo para cambiar emocións negativas en positivas, con ingredientes, elaboración e resultado.
 - Carta a un amigo triste...
 - Libros: Un puñado de miedos (López Narvaez, c) SM
Hay que salvar a Said (Smadja, Brigitte) Edelvives)
Los niños tontos (Matute, Ana Mª)Media Vaca

7.- Pensar e dicir o positivo

Para facer **autoafirmacións positivas** ante outras persoas hai que:

1. Determinar si é o momento e lugar axeitado para dicir algo positivo sobre un mesmo.
2. Dicir una frase o expresión verbal que afirme algo agradable de un mesmo.

3. Linguaxe corporal e comunicación non verbal acorde á expresión verbal.
4. Ser sicer@, honest@, e xust@ coas cousas positivas que se din de un@ mesm@.

Para fomentar o **Diálogo interno positivo**:

1. Dicirse e/ou escribir una lista de cousas positivas de un@ mesm@
2. Ler frecuentemente a lista das cousas positivas.
3. Aumentala cada día con novas cousas agradables e positivas.
4. Cada vez que se pense algo negativo de un@ mesm@, parar o pensamento e cambialo por unha cousa positiva.

Para **gabar** a outra persoa:

1. Mirala e sorrir.
2. Dicir o eloxio especificando o que gabas.
3. Acompañar a frase con xestos,.
4. Ser sincer@, honest@ e xust@. Acorde ao que pensamos e sentimos.

Para **recibir cumpridos e eloxios**:

1. Permitir que a outra persoa saiba que te gusta e aprecias o que te di.
2. Comunicarlle que te agrada o que te di.
3. (sorrir, mirar, agradecer e expresar que te sentes feliz)
4. Si o crees honestamente, discrepar da loanza, pero agradecer o cumprido.
 - Diálogos e dramatizacións sobre cousas positivas de cada quen. Aproveitar para valorar esforzos, procesos, retos, superacións.
 - Libros: Me gusta. Nunca viene mal un poquito de autoestima (Curtis y Cornell) Serres
Margarita metepatas (Carranza) SM
El gato del mago (Hawkins, Colin yH.) Anaya

8.- Axuda, Apoio e Cooperación (conduta pro social e empatía)

- Pedir, prestar e ofrecer axuda.
- Negarse a una petición de axuda. (prevendo as consecuencias, expoñendo razón, remitindo á outras persoas)
- Pedir e facer un favor.
- Apoiar, animar e consolar á outra persoa.
- Pensar situación da vida diaria nas que é necesario poñer en xogo as condutas necesarias para pedir axuda, apoio, colaboración....
- Mural con fotografías que representen situación de axuda, apoio e colaboración. Titulando as escenas.
- Libros: No necesito amigos (Crimi, Carolyn) SM
La amiga más amiga de la hormiga Miga (Teixidor, E.) SM
El pez Arco Iris (Pfister,M.) El Arca Junior.

9.- Críticas, queixas e reclamacións

Para **expresar críticas, queixas, obxeccións**:

1. Controlo o meu enfado e penso que podo facer e dicir á outra persoa.
2. Escollo o momento e lugar axeitado.
3. Achégome onde a outra persoa , saúdoa e clara e brevemente describo a conduta motivo da crítica. Critico a conduta non á persoa!!
4. Expreso os meus sentimentos con mensaxe “eu” (Eu me sinto fatal porque...)
5. Pido e/ou suxiro un cambio de conduta á outra persoa. (“Pídoche que a próxima vez...Gustaríame que...)
6. Evito o sarcasmo, a hostilidade e o desprezo.

7. Escoito as razón da outra persoa.
8. Reforzo á outra persoa por escoitarme. “Te agradezo que me escoitaras...”

Para recibir críticas:

1. Mantén a calma.
 2. Escoita activamente á outra persoa.(Deixo que se exprese, pido que sexa correcta, non permito insultos, gritos, desacreditacións...pido aclaracións ou máis información)
 3. Poñerse no lugar da outra persoa e tratar de comprender o efecto que lle produciu a nosa conduta.
 4. Analiza la crítica, réplica...e reacciona en consecuencia(disinto e rexeito, acordo parcial, a acepto si é xusta e positiva)
 5. Agradezo á outra persoa a crítica pois esa información pódenos axudar a mellorar.
- Aproveitar campañas publicitarias realizar críticas e organizar contrarréplicas eses anuncios en grupos.
 - Libros: Monty (Stevenson) SM.
Arturo y Clementina (Turí y Bosnia) Lumen
Esther recupera a sus amigos (Berebrouckx, A.) Edelvives

10.- Burlas, agresións e intimidacións

As relacións interpersoais han de ser igualitarias e non de prepotencia nin de dominio-submisión; han de ser relación de cariño, confianza, proximidade afectiva, respecto, admiración, aceptación e recoñecemento mutuo e non de medo, abuso, indiferenza, desprezo, rexeitamento, desinterese ou frialdade. Non teñen que aceptar nin tolerar cousas que lles fagan sentir mal.

Para responder a burlas, bromas pesadas, desprezos ou humillacións:

1. Se consciente da túa situación.
2. Non o consintas. Tes dereito a ser respetad@. Tolerancia cero para as interaccións que non respectan os teus dereitos.
3. Se asertiv@ e comunica o que está pasando á outra persoa.
4. Pide axuda, a un compañeir@, amig@, familia, profes@r, educadr@;

Para deixar de facer bromas pesadas e outras condutas incómodas:

1. Ser consciente e recoñecer que te pasas cos teus compañeir@s.
2. Ponte no lugar da outra persoa e trata de comprender como se sente co que ti dis e fas (humillada, rexeitada, infravalorada...)
3. Non te conformes con ser una persoa que e causa dano aos demais.
4. Antes de actuar, pensa na outra persoa e trata de respectar os seus dereitos persoais.
5. Pide axuda se ti só non podes deixar de actuar así.

Para resistirse ás presións, intimidacións e acoso:

1. Ser consciente de que non queres facer o que te piden ou esixen. Non te deixes levar polo que digan outros; nunca fagas nada co que esteas desconforme e te faga sentir mal (medo, vergonza, culpa); pensa nas consecuencias do que che propoñen facer.
2. Non te poñas nervos@. (Non respondas con agresividade, fálate en positivo con ánimo e seguridade)
3. Actúa : Sé asertiv@
 - a) Reacciona con valentía e seguridade (expón a túa postura e ideas, pide respecto, mantén tu posición pensando nas túas razón inda que non as verbalices, négate de forma taxativa)
 - b) Busca outra estratexias (non respondas inmediatamente, suxire alternativas, pon una excusa e abandona a situación, cambia de tema)
4. PELPide axuda se ti só non podes , non dubides en contarllo a un compañeir@, amig@, familia, profes@r.

- En pequeno grupo , ou por parellas inventar situación de presión e ameazas de compañeir@s nos que encaixen resposta do tipo “ Síntoo, pero agora non podó facelo” “ Perdoá , pero neste intre non me apetece”, deben ofrecer alternativas a estas situación e logo dramatizalas.
- Libros: La temible niñasurio (Bottner,B) SM
Toño se queda solo (Lenain, Thierry) Edelvives
Un pastel con mucha mostaza (Alonso, M.L.) Tucán. Edebé

ANEXO

NORMAS SOBRE O USO DOS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NO CENTRO

O obxecto deste protocolo é promover a implantación das boas prácticas identificadas no uso destes dispositivos e, en consecuencia, propoñer as pautas de actuación e intervención que se estima necesario adoptar para garantir a convivencia nos centros educativos, contribuíndo, deste xeito, a xerar un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación.

OBXECTIVOS

1. Concienciar aos nenos, nenas e adolescentes no uso responsable dos teléfonos móbiles e outros dispositivos debe ser unha responsabilidade compartida entre as familias, os centros educativos e as institucións e así o sinala a Axencia Española de Protección de Datos.
2. Consolidar a convivencia positiva como estilo educativo implica impulsar unha convivencia dixital responsable para garantir que os centros educativos sexan contornas dixitalmente saudables que promovan o benestar dixital e espazos que promovan a tolerancia cero a todo tipo ou forma de acoso.
3. Colaboración das familias, as cales deben desempeñar un papel activo na supervisión do acceso aos contidos dixitais para lograr entre todas e todos que internet sexa unha ferramenta óptima para o

desenvolvemento persoal dos e das adolescentes e non un obstáculo.

4. Promover o emprego seguro das novas tecnoloxías, proporcionando á comunidade educativa recursos e ferramentas que lles permitan desenvolverse con seguridade nunha contorna dixital. É, polo tanto, conveniente equilibrar o seu uso nos centros educativos de xeito unificado co obxectivo de que sexan utilizados con finalidade pedagóxica.
5. O equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velará polo cumprimento destas normas co obxectivo fundamental de propiciar unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa e lograr así un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.
6. O centro organizará xornadas formativas tanto para o alumnado, claustro e familias en torno a temáticas relacionadas co uso dos dispositivos e os perigos das novas tecnoloxías.

ALUMNADO

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro regulou como norma de convivencia, no artigo 19, a prohibición do uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos, así como que os centros, de xeito excepcional, podían establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica.

De feito a Orde do 4 de xaneiro de 2024 da Consellería dispón de novo a necesidade de establecer unhas normas claras adaptadas ao contexto de cada centro.

De acordo co exposto determínanse as seguintes pautas a implantar,;

1. A prohibición de uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos, incluíndo reloxos intelixentes que graven ou fotografen; como mecanismo de comunicación establecida durante os períodos lectivos debe estenderse tamén, con carácter xeral, á totalidade da xornada escolar, incorporando os períodos non lectivos. En consecuencia, non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre destes dispositivos.
2. Considéranse aos efectos deste protocolo como períodos non lectivos os seguintes: as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.
3. Exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado.
4. No Centro non poderá utilizarse ningunha clase de dispositivos electrónicos, nin cámaras, nin ningún outro medio de captura de voz ou imaxes (MP3, teléfonos móbiles, ...), agás coa autorización expresa do profesorado para a realización dunha actividade específica. No caso de ter que traelo por algunha causa moi xustificada quedará depositado en modo apagado no despacho de dirección ata á hora da saída.

PROFESORADO

En canto ás normas do uso de teléfonos empregados polos mestres avógase polo bo criterio e sentido común así como ás normas de comportamento cívico social.



Nas horas de clase e nas reunións de claustro e equipos manterase o teléfono en silencio e non se conectaran a redes sociais a non ser por cuestións didácticas.

No período lectivo, o profesorado poderá utilizar o seu propio dispositivo ou os do centro, co fin de recoller fotografías ou vídeos relacionados coas actividades pedagóxicas; e a fin de poder subilos ao blog do centro.

CONDUCTA	CONSECUENCIA
Conduitas leves contrarias á convivencia	Medidas educativas de corrección.
<p>1) As alumnas e alumnos que, individual ou colectivamente, causen danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do Centro ou ao seu material, incluídos os equipos informáticos e o software, así como aos bens doutros membros da comunidade educativa,</p>	<p>Quedan obrigados, a través dos seus pais ou titores legais, a reparar o dano causado ou asumir o custo económico da súa reparación. Igualmente, o alumnado que subtraia bens no Centro, deberá restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. En calquera caso, os pais ou representantes legais dos alumnos serán responsables civís nos termos previstos nas leis.</p>
<p>Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral,</p>	<p>Deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que imponha a corrección da conduta</p>
Conduitas leves contrarias á convivencia	Medidas educativas de corrección.
<p>1) Os actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do Centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.</p> <p>2) A negligencia sistemática de asistir ao Centro sen o material necesario para o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.</p> <p>3) A falta de colaboración e esforzo do alumnado na realización das actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo, así como no seguimento das orientacións do profesorado respecto do seu proceso de aprendizaxe.</p>	<p>1) Amoestación privada oral ou por escrito.</p> <p>2) Comparecencia inmediata ante a Directora.</p> <p>3) Realización de tarefas dentro e fóra do horario lectivo que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado nas instalacións, recursos materiais ou documentos do Centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa. A</p>

<p>4) As condutas que poidan impedir ou dificultar aos seus compañeiros ou compañeiras o exercicio do dereito ou o cumprimento do deber de estudo.</p> <p>5) As faltas inxustificadas de puntualidade.</p> <p>6) As faltas inxustificadas de asistencia a clase.</p> <p>7) O trato incorrecto e desconsiderado cara aos outros membros da comunidade educativa.</p> <p>8) Causar pequenos danos nas instalacións, recursos materiais ou documentos do Centro, ou nas pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.</p> <p>9) O deterioro das condicións de hixiene e saúde do Centro.</p> <p>10) A incitación ou estímulo á comisión dunha falta contraria ás normas de convivencia.</p> <p>11) Calquera outra incorrección que altere o normal desenvolvemento da actividade escolar, que non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia no Centro.</p> <p>12) A non colocación da máscara nos buses escolares.</p>	<p>realización destas tarefas non se poderá prolongar nun período superior a cinco días.</p> <p>4) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar no Centro as actividades formativas que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo.</p> <p>5) Cambio de grupo ou clase do alumno ou alumna por un período de ata unha semana.</p> <p>6) Excepcionalmente, a suspensión do dereito de asistencia ao Centro por un período máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar as actividades formativas que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo.</p>
<p>Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia</p>	<p>Medidas educativas de corrección.</p>
<p>a) Os actos graves de indisciplina, aldraxe ou ofensa contra calquera membro da comunidade educativa.</p> <p>b) A suplantación da personalidade en actos da vida docente, así como a falsificación ou subtracción de documentos académicos.</p> <p>c) A agresión grave física ou moral contra calquera membro da comunidade educativa ou a discriminación grave</p> <p>d) As vexacións ou humillacións contra calquera membro da comunidade educativa, particularmente se teñen unha compoñente sexual, racial ou xenófoba, ou se realizan contra alumnos ou alumnas con necesidades educativas específicas ou de novo ingreso.</p> <p>e) As ameazas ou coaccións contra calquera membro da comunidade educativa.</p> <p>f) O deterioro grave das instalacións, recursos materiais ou documentais do Centro, ou nas</p>	<p>Polas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, , poderán adoptarse as seguintes medidas para a súa corrección:</p> <p>Por un lado poderanse corrixir ben por un procedemento conciliado ou un procedemento común.</p> <p>No conciliado utilizará o diálogo e o compromiso do alumno, da familia por medio de unha pero a que fará de mediadora. Senón comezará o procedemento común</p> <p>a) Realización de tarefas educativas para o alumno ou alumna, fóra do horario lectivo que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, así como dirixidas a reparar o</p>

<p>pertenzas dos demais membros da comunidade educativa, así como a subtracción das mesmas.</p> <p>g) A reiteración nun mesmo curso escolar das condutas contrarias ás normas de convivencia do Centro recollidas no</p> <p>h) As condutas contrarias ás normas de convivencia do Centro, se concorresen circunstancias de colectividade ou publicidade intencionada.</p> <p>i) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro.</p> <p>j) A incitación ou estímulo á comisión dunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia escolar.</p> <p>k) Os atentados á intimidade, a gravación e a difusión por calquera medio de reprodución das restantes condutas merecedoras de corrección.</p> <p>l) A introdución no Centro de obxectos ou substancias perigosas ou prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa.</p> <p>m) O incumprimento das medidas correctoras impostas.</p>	<p>dano causado nas instalacións, recursos materiais ou documentais do CEP de Riomaor ou nas pertenzas doutros membros da comunidade educativa, por un período superior a cinco e inferior a dezaseis días lectivos.</p> <p>b) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias/extraescolares do Centro por un período superior a cinco e inferior a trinta días lectivos.</p> <p>c) Cambio de grupo por un período superior a cinco e inferior a trinta días lectivos.</p> <p>d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco e inferior a dezaseis días lectivos. Durante o tempo que dure esta suspensión, o alumno ou alumna deberá permanecer no Centro realizando as actividades escolares que determine o profesorado responsable das mesmas, co fin de evitar a interrupción do seu proceso educativo. A Dirección organizará a atención a este alumnado.</p> <p>e) Suspensión do dereito de asistencia ao Centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno ou alumna deberá realizar as actividades formativas que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo.</p> <p>Cambio de Centro</p>

